



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 369
11 de outubro de 2018

Fascículo 4



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 11 de outubro de 2018, pola que se admite a trámite o escrito do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 38569) [124541](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.2. Programación do traballo parlamentario

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 11 de outubro de 2018, pola que se admite a trámite escrito de 41 deputadas e deputados pertencentes ao G. P. Popular de Galicia no que solicitan a convocatoria urxente dunha sesión plenaria (doc. núm. 38571) [124541](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario

1.3.8.9. Límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 11 de outubro de 2018, pola que se admite a trámite o escrito do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 38569)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 38569, o escrito remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que se achega o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Cualificar e admitir a trámite o escrito doc. núm. 35869, remitido pola Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, polo que se achega o acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2º. Trasladar este acordo á Xunta de Portavoces, aos portavoces dos grupos parlamentarios e á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.2. Programación do traballo parlamentario

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 11 de outubro de 2018, pola que se admite a trámite escrito de 41 deputadas e deputados pertencentes ao G. P. Popular de Galicia no que solicitan a convocatoria urxente dunha sesión plenaria (doc. núm. 38571)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 38571, o escrito presentado por 41 deputadas e deputados do G. P. Popular de Galicia no que solicitan a convocatoria urxente dunha sesión plenaria coa seguinte orde do día:

Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 38569)

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Cualificar e admitir a trámite o escrito doc. núm. 38571, presentado por 41 deputadas e deputados pertencentes ao G.P. Popular de Galicia no que solicitan a convocatoria urxente dunha sesión plenaria coa seguinte orde do día: Debate e votación do límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 38569).

2º. Trasladar este acordo á Xunta de Portavoces, aos portavoces dos grupos parlamentarios e á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

4º. Dar conta desta Resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2018


Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Achégolle certificado do acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Tamén, achégase o informe de estratexia financeiro-fiscal, igualmente establecido nese precepto legal.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

DILIXENCIA - Para facer constar que a presente fotocopia é reprodución fiel e exacta do seu orixinal.

Santiago de Compostela, 14 OUT, 2016



A FUNCIONARIA

Asdo.: Carmen Villaravid Neira

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE
GALICIA,


CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de outubro de dous mil dezaeito adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. O límite máximo de gasto non financeiro da Xunta de Galicia no 2019 fíxase en 9.850 millóns de euros.
2. Este límite poderá axustarse na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado, así como na minoración dos axustes de contabilidade nacional sempre que non afecten ao obxectivo de estabilidade aprobado.
3. O Vicepresidente e Conselleiro da Presidencia, Administración Públicas e Xustiza remitirá ao Parlamento de Galicia o presente acordo acompañado da documentación á que refire o parágrafo 1 do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia.

E para que conste asino a presente, co visto e prace do sr. presidente, en Santiago de Compostela a dez de outubro de dous mil dezaeito.

Visto e prace
O PRESIDENTE





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA

Informe de estratexia financeiro-fiscal

Outubro 2018



Índice

INTRODUCCIÓN	3
1. ESCENARIO ECONÓMICO.....	5
1.1. O entorno internacional da economía galega.....	5
1.2. Situación da economía española	13
1.2.1. Escenario macroeconómico.....	13
1.2.2. Capacidade ou necesidade de financiamento e posición de investimento	17
1.2.3 Curva de Beveridge	18
1.3. Evolución recente da economía galega	19
1.4. Escenario macroeconómico 2018 – 2021.....	27
1.5. Crecemento potencial e output gap	30
1.6. Saldo orzamentario axustado	34
1.7. Taxa de referencia da economía galega	36
2. ENVOLVENTE FINANCEIRA PLURIANUAL	37
2.1. Recursos de contabilidade nacional para o teito de gasto	38
2.2. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado.	51
ANEXO I. METODOLOXÍA PARA A OBTENCIÓN DO SALDO CÍCLICO.....	53



INTRODUCCIÓN

O presente informe de estratexia financeiro fiscal dá comezo ao ciclo orzamentario para 2019. No mesmo se explicitan as hipóteses básicas de escenario económico e financeiro coas que conta a Xunta de Galicia para a fixación do teito de gasto, magnitude que marca o limiar orzamentario do vindeiro exercicio.

A determinación desta magnitude e remisión ao Parlamento da comunidade autónoma para a súa aprobación, son o primeiro paso para a elaboración dos Orzamentos autonómicos.

Malia que, de xeito habitual se está a aprobar este informe e o teito de gasto a finais de xullo de cada exercicio, as incertezas xeradas por un axuste non esperado na liquidación dos ingresos do sistema de financiamento do exercicio 2017, que se perciben no 2019, xunto co rexeitamento polas Cortes da nova senda de consolidación fiscal proposta polo Consello de Ministros, motivan que este ano se presente con retraso o presente informe.

Como é sabido o límite de gasto permite establecer o tope cuantitativo do orzamento do vindeiro exercicio en función das expectativas de ingresos, en especial dos ingresos esperados do sistema de financiamento autonómico, que supoñen preto do 80% dos ingresos non financeiros da comunidade autónoma, do obxectivo de estabilidade orzamentaria¹ e das restantes regras fiscais coas que debe gardar coherencia.

A concreción da estimación dos ingresos vén condicionada pola evolución das macro magnitudes da comunidade autónoma e das restantes economías coas que interacciona, por elo o informe comeza coa descrición do escenario macroeconómico de referencia que reflicte as hipóteses máis prudentes en base á información actualmente dispoñible, tal e como establece a normativa europea no coñecido *Six Pack* de gobernanza económica².

¹ A Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, establece que no primeiro semestre de cada ano, o Goberno de España, mediante acordo do Consello de ministros, e previo informe do Consello de política fiscal e financeira das comunidades autónomas, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria dos diferentes niveis de administración territorial, que se medirá en termos de necesidade ou capacidade de financiamento segundo a definición do sistema europeo de contas nacionais e rexionais; no mesmo acordo fixará os obxectivos de endebedamento público.

Para a fixación do devandito obxectivo terase en conta a regra de gasto definida no artigo 12 da devandita lei orgánica e o saldo estrutural acadado no exercicio inmediato anterior.

² Directiva 2011/85/UE do consello de 8 de novembro de 2011 sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos estados membros, que establece que as disposicións do marco de supervisión orzamentaria establecido no TFUE e, polo miúdo, no pacto de estabilidade e crecemento, son aplicables ao conxunto das AAPP que abranguen os subsectores da administración central, tal e como se definen no regulamento (CE)nº 2223/96.



En efecto, o traballo de prospección económica que desenvolve o Instituto Galego de Estatística e leva á determinación do escenario macro, é fundamental por dous motivos:

1. Determina as variables económicas que condicionan a evolución dos ingresos públicos, sendo por tanto a base da estimación do escenario de ingresos, xunto coas previsións de recadación do exercicio en curso e as elasticidades de cada figura de ingresos. Ademais, a estimación do PIB e do seu deflactor serán tamén a referencia para a cuantificación do obxectivo de estabilidade orzamentaria (medido en necesidade ou capacidade de financiamento en termos de contabilidade nacional sobre o PIB).
2. Determina a situación cíclica da economía galega comparando o PIB real estimado e o potencial. Esta situación debe contribuír a determinar o nesgo da política fiscal da comunidade autónoma, xa que, tal e como recomenda a antedita Directiva 2011/85/UE, cómpre que os estados membros eviten aplicar políticas orzamentarias procíclicas, e que os esforzos de consolidación orzamentaria sexan maiores en tempos de bonanza económica. Por tanto, a determinación da posición cíclica da economía galega e o saldo cíclico e estrutural da mesma, así como a taxa de referencia da economía galega, deben marcar a evolución tendencial das diferentes políticas de gasto no seu conxunto.

Por todo elo a Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia, no seu artigo 12 obriga ao Consello da Xunta a acordar o límite de gasto non financeiro dos Orzamentos da comunidade autónoma para o vindeiro exercicio³, e a súa remisión ao Parlamento xunto co presente informe de estratexia financeiro-fiscal no que se basean os cálculos que dan pé ao devandito límite.

O contido do presente informe recolle, a parte dunha breve introdución explicativa dos obxectivos e contido do mesmo, dous grandes apartados:

- 1.- O indicado escenario económico, no que se establece o cadro macroeconómico da comunidade autónoma de forma coherente cos informes dos grandes axentes emisores de informes de conxuntura económica da nosa contorna (informe de primavera da Comisión, OCDE e FMI e o informe de situación económica do Ministerio de Economía e Empresa), que serve de base para a elaboración do límite de gasto.

³ Con posterioridade á norma autonómica, a Lei Orgánica 2/2012 no seu artigo 30 recolle a obriga de elaborar un teito de gasto para as comunidades autónomas, ao sinalar que as comunidades autónomas aprobarán un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.



2.- Un apartado financeiro, que baixo os supostos de evolución económica prevista, os ingresos non financeiros dimanantes do mesmo e os límites acordados para as diferentes regras fiscais no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira, establece unha proposta de límite de gasto non financeiro para 2019.

1. ESCENARIO ECONÓMICO

En Galicia a Lei 2/2011 de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 11 indica que con carácter previo á elaboración dos orzamentos, elaboraranse uns escenarios de previsión plurianual que se recollerán nun informe de estratexia financeiro - fiscal, que fixará o marco orzamentario para os tres exercicios seguintes e ao que se axustarán anualmente os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma. A Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos escenarios orzamentarios da Comunidade Autónoma de Galicia establece que o Instituto Galego de Estatística (IGE), como axente responsable do subsistema de perspectiva económica, elaborará informes de situación económica que sirvan de base para a elaboración dos escenarios e que deberán conter como mínimo o seguinte:

- a. Un cadro macroeconómico que explique a evolución en termos reais do PIB desde a óptica da demanda, así como a evolución do PIB en termos nominais.
- b. Análise de posición cíclica da economía galega e saldo cíclico do sector público autonómico de Galicia, crecemento potencial, *output gap* e saldo cíclico orzamentario.
- c. Cálculo da taxa de crecemento medio de referencia nominal e real de Galicia.

1.1. O entorno internacional da economía galega

O crecemento da economía mundial previsto para os anos 2018-2019 roldará o 3,9% segundo os principais organismos internacionais elaboradores de previsións: Fondo Monetario Internacional (FMI), Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) e Comisión Europea. Este prognóstico pon de manifesto o dinamismo da economía mundial, cun crecemento superior ao dos anos anteriores.

Destas previsións dedúcese que a expansión económica mundial continúa, motivada por un crecemento moderado das economías avanzadas e un afianzamento da



actividade das economías dos mercados emerxentes e en desenvolvemento aínda que con diferenzas entre elas. Prevese un aumento do comercio mundial no ano 2018 do 4,8% e no ano seguinte tres décimas menos, 4,5%. A incerteza sobre as relacións comerciais no futuro podería afectar á confianza e ao investimento.

Previsións macroeconómicas. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI (xullo 2018)		OCDE (maio 2018)		Comisión Europea (xullo 2018) ⁽³⁾	
	2018	2019	2018	2019	2018	2019
PIB Mundial	3,9	3,9	3,8	3,9	3,9	3,9
Área Euro ⁽¹⁾	2,2	1,9	2,2	2,1	2,1	2,0
Francia	1,8	1,7	1,9	1,9	1,7	1,7
Alemaña	2,2	2,1	2,1	2,1	1,9	1,9
Italia	1,2	1,0	1,4	1,1	1,3	1,1
Portugal ⁽²⁾	2,4	1,8	2,2	2,2	2,2	2,0
España	2,8	2,2	2,8	2,4	2,8	2,4
Reino Unido	1,4	1,5	1,4	1,3	1,3	1,2
Estados Unidos	2,9	2,7	2,9	2,8	2,9	2,7
Xapón	1,0	0,9	1,2	1,2	1,3	1,1
Marrocos ⁽²⁾	3,1	4,0	--	--	--	--
México	2,3	2,7	2,5	2,8	2,3	2,7
Brasil	1,8	2,5	2,0	2,8	2,4	2,6
China	6,6	6,4	6,7	6,4	6,6	6,3
India	7,3	7,5	7,4	7,5	7,4	7,6
Comercio mundial de bens e servizos	4,8	4,5	--	--	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 16 países

(2) Previsións do FMI de abril

(3) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio

Os crecementos esperados para o conxunto da economía global encerran diferenzas significativas por áreas. Utilizando como fonte de información o FMI, as economías avanzadas⁴ manterán un crecemento similar ao do ano anterior en 2018, 2,4%, e dúas décimas menos, un 2,2%, en 2019, con diferenzas entre os distintos países: Estados Unidos crecerá un 2,9% en 2018, seis décimas máis que o ano anterior, favorecido polos estímulos fiscais aprobados a finais de 2017, e para o ano 2019 prevese un crecemento inferior, 2,7%. Canadá rexistrará unha desaceleración no ano 2018, pasando dunha taxa do 3,0% en 2017 ao 2,1% en 2018, e manterá un crecemento similar no ano 2019 (2,0%). Para a zona euro prevese unha moderación no seu crecemento para os dous próximos anos, 2,2% de 2018 e 1,9% en 2019. Para Reino Unido o crecemento previsto

⁴ Estados Unidos, zona euro, Xapón, Reino Unido, Canadá son as principais economías incluídas neste grupo.



en 2018 é do 1,4%, tres décimas menos que no ano anterior, e o incremento no 2019 sería do 1,5%. Para Xapón a previsión do FMI indica unha desaceleración no ano 2018, do 1,7% en 2017 ao 1,0% en 2018, e un crecemento similar para 2019, 0,9%. As economías emerxentes e desenvolvidas⁵ consolidarán o seu crecemento nos próximos anos, cunha taxa do 4,9% en 2018 (dúas décimas máis que o ano anterior), e do 5,1% en 2019, aínda que o crecemento será desigual por países: prevese unha expansión da economía india e un afianzamento no crecemento dos países exportadores de materias primas, mentres que China continuaría reducindo o seu crecemento.

Para o ano 2018, comparando as últimas estimacións (xullo) elaboradas polo FMI e a Comisión Europea coas estimacións previas e se consideramos unicamente as principais economías, os novos prognósticos empeoran o crecemento proposto anteriormente, agás as previsións do FMI para España, Estados Unidos, México e China que se manteñen.

Previsións 2018. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	Abril	Xullo	Novembro	Maio	Maio	Xullo ⁽³⁾
PIB Mundial	3,9	3,9	3,7	3,8	3,9	3,9
Área Euro ⁽¹⁾	2,4	2,2	2,2	2,2	2,3	2,1
Francia	2,1	1,8	1,8	1,9	2,0	1,7
Alemaña	2,5	2,2	2,3	2,1	2,3	1,9
Italia	1,5	1,2	1,5	1,4	1,5	1,3
Portugal ⁽²⁾	2,4	2,4	2,3	2,2	2,3	2,2
Espanña	2,8	2,8	2,3	2,8	2,9	2,8
Reino Unido	1,6	1,4	1,2	1,4	1,5	1,3
Estados Unidos	2,9	2,9	2,5	2,9	2,9	2,9
Xapón	1,2	1,0	1,2	1,2	1,3	1,3
Marrocos ⁽²⁾	3,1	3,1	--	--	--	--
México	2,3	2,3	2,2	2,5	2,3	2,3
Brasil	2,3	1,8	1,9	2,0	2,4	2,4
China	6,6	6,6	6,6	6,7	6,6	6,6
India	7,4	7,3	7,0	7,4	7,4	7,4
Comercio mundial de bens e servizos	5,1	4,8	--	--	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 16 países

(2) Previsións do FMI de abril

(3) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio

⁵ Rusia, China, India, Indonesia, Malaisia, Brasil, México, Arxentina, países do norte de África e de Oriente medio e subsaharianos forman este grupo.



Para o 2019, tanto o FMI como a Comisión Europea manteñen ou revisan á baixa as previsións agás a do FMI para Alemaña, que revisa unha décima á alza.

Previsións 2019. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %						
	FMI		OCDE		Comisión Europea	
	Abril	Xullo	Novembro	Maio	Maio	Xullo ⁽³⁾
PIB Mundial	3,9	3,9	3,6	3,9	3,9	3,9
Área Euro ⁽¹⁾	2,0	1,9	1,9	2,1	2,0	2,0
Francia	2,0	1,7	1,7	1,9	1,8	1,7
Alemaña	2,0	2,1	1,9	2,1	2,1	1,9
Italia	1,1	1,0	1,3	1,1	1,2	1,1
Portugal ⁽²⁾	1,8	1,8	2,3	2,2	2,0	2,0
España	2,2	2,2	2,1	2,4	2,4	2,4
Reino Unido	1,5	1,5	1,1	1,3	1,2	1,2
Estados Unidos	2,7	2,7	2,1	2,8	2,7	2,7
Xapón	0,9	0,9	1,0	1,2	1,1	1,1
Marrocos ⁽²⁾	4,0	4,0	--	--	--	--
México	3,0	2,7	2,3	2,8	2,7	2,7
Brasil	2,5	2,5	2,3	2,8	2,6	2,6
China	6,4	6,4	6,4	6,4	6,3	6,3
India	7,8	7,5	7,4	7,5	7,6	7,6
Comercio mundial de bens e servizos	4,7	4,5	--	--	--	--

Fontes: FMI, OCDE e Comisión Europea

(1) A OCDE elabora previsións da Área Euro constituída por 16 países

(2) Previsións do FMI de abril

(3) A actualización de xullo da Comisión Europea só inclúe os países da Unión Europea. Para o resto de países as previsións son de maio

Nos seguintes parágrafos detállanse estas previsións para os principais países da economía mundial e cos que mantemos relacións comerciais e que, polo tanto, teñen unha maior influencia na economía galega. Estes países son Estados Unidos, Xapón, China, India, os principais da zona euro, Reino Unido e Marrocos. Para o seguimento dos países utilízanse principalmente os datos da Comisión Europea, que actualizou o 7 de xullo deste ano, e comentaranse as principais discrepancias coas previsións do FMI (actualizadas tamén en xullo) e as da OCDE (de maio).

As proxeccións informan de que a expansión económica na zona euro continuará no período 2018-2019, aínda que moderará o seu crecemento. Os factores que favorecen este incremento continuarán nos próximos anos aínda que o seu efecto irase reducindo: a política monetaria acomodaticia seguirá favorecendo o crecemento económico mais o seu impacto diminuirá; unha menor creación de emprego repercutirá no consumo privado, aínda que se manterán os tipos de interese en niveis baixos e as condicións de financiación seguirán a ser favorables; ademais, a recuperación mundial



favorecerá as exportacións da zona euro. En 2018 a previsión de crecemento da zona euro estaría en torno ao 2,2% da OCDE e o FMI e o 2,1% da Comisión Europea; en 2019 as previsións do PIB varían entre o 1,9% do FMI e o 2,1% da OCDE, polo que os tres organismos prevén unha moderación no crecemento para o próximo ano.

Por países dentro da zona euro, as perspectivas da Comisión Europea para 2018 apuntan a un crecemento sostido nas principais economías, mais con taxas inferiores ás do ano anterior nos principais países: Francia crecería un 1,7% en 2018 fronte ao 2,2% en 2017, Alemaña pasaría do 2,2% en 2017 ao 1,9% en 2018, Italia crecería o 1,3%, dúas décimas menos que o ano anterior (1,5%) e Portugal reduciría o crecemento do 2,7% en 2017 ao 2,2% en 2018. As previsións de crecemento para España tamén son inferiores as do ano anterior (3,1% en 2017 e 2,8% en 2018). As previsións do FMI para 2018 son superiores ás da Comisión Europea para Francia (1,8%), Alemaña (2,2%) e Portugal (2,4%), mentres que son unha décima inferiores para Italia (1,2%) e coinciden para España. As previsións da OCDE son máis optimistas que as da Comisión Europea para Francia, Alemaña e Italia, e coinciden para España e Portugal.

As previsións para 2019 da Comisión Europea amosan un menor crecemento que no ano 2018 nas principais economías da área euro. Segundo estas previsións, a economía española será a que máis moderará o seu crecemento (catro décimas, ata o 2,4%) en 2019, aínda que seguirá a ser a economía que máis creza. Francia e Alemaña manterán o crecemento do ano 2018, Francia o 1,7% e Alemaña o 1,9%, e Italia e Portugal crecerán dúas décimas menos que en 2018, cunha taxa do 2,0% en Portugal e do 1,1% en Italia. As previsións do FMI baixan estas estimacións para Italia, Portugal e España, prevén o mesmo crecemento para Francia, e melloran a previsión da Comisión Europea para Alemaña; o crecemento de Francia en 2019 será do 1,7%, o de Alemaña do 2,1%, o de Portugal 1,8%, o de Italia 1,0%, e o de España 2,2%. As previsións da OCDE melloran as perspectivas da Comisión para Francia, Alemaña e Portugal en dúas décimas, e coinciden para Italia e España.

No principal país da UE que queda fóra da zona euro, o Reino Unido, as perspectivas para os dous próximos anos indican que continuará a desaceleración no crecemento, cunha taxa do 1,3% en 2018 (catro décimas inferior ao do ano precedente) e un 1,2% en 2019. As previsións do FMI melloran estas estimacións para os dous anos, con crecementos do 1,4% en 2018 e 1,5% en 2019. A OCDE prevé unha taxa do 1,4% en 2018 e do 1,3% en 2019. A saída do Reino Unido da Unión Europea está detrás desta desaceleración da economía británica, que tamén podería afectar aos países da área euro principalmente.

En Estados Unidos, todos os organismos prevén un maior dinamismo nos dous próximos anos, con taxas superiores ao 2,5%, debido principalmente aos cambios na política



fiscal. Os tres organismos coinciden na previsión de crecemento para o ano 2018, 2,9%, e para o ano 2019 o FMI e a Comisión Europea prognostican o 2,7% e a OCDE o 2,8%.


En Xapón as últimas previsións mostran un débil crecemento desta economía nos dous próximos anos; o FMI é o organismo coa previsión máis baixa, 1,0% para o ano 2018 e unha décima menos en 2019, 0,9%. A OCDE prevé un crecemento estable nos dous anos, 1,2%, e a Comisión Europea estima un crecemento do 1,3% en 2018 e do 1,2% en 2019.


O crecemento da economía china será máis moderado que nos anos anteriores (continúa cos cambios no seu modelo produtivo), aínda que seguirá con taxas elevadas. As últimas previsións do FMI e a Comisión Europea estiman un crecemento en 2018 do 6,6%, tres décimas inferior ao do ano anterior, e un menor crecemento no ano 2019, entre o 6,3% segundo a Comisión Europea e o 6,4% do FMI e a OCDE. As previsións para a India amosan unha aceleración da súa economía, grazas á posta en marcha de reformas estruturais, co que o crecemento en 2018 será superior ao de 2017, cunha taxa do 7,3% segundo o FMI e 7,4% segundo os outros dous organismos, e en 2019 acadaría un maior crecemento, entre o 7,5% do FMI e a OCDE e o 7,6% que estima a Comisión Europea.

Utilizando os datos do FMI, a economía de Marrocos, despois de crecer por encima do 4% en 2017, reducirá o seu crecemento no ano 2018 ata unha taxa do 3,1% e en 2019 acadará unha taxa do 4,0%.

A Comisión Europea tamén ofrece nas súas previsións o perfil dos crecementos trimestrais. Os seguintes gráficos presentan o crecemento intertrimestral previsto para as principais economías europeas, Estados Unidos e Xapón para os anos 2018 e 2019.

Previsións crecemento intertrimestral do PIB en 2018 e 2019





Fonte: Comisión Europea



Á vista destes gráficos obsérvase un comportamento heteroxéneo entre as principais economías avanzadas nos dous anos. A economía cun comportamento máis diferenciado é a xaponesa, ao ser a única que rexistrará un crecemento negativo a finais de 2019. As economías europeas, en xeral, mostran maiores crecementos en 2018 que en 2019, agás Francia que manterá un crecemento estable a partir do terceiro trimestre de 2018 e Alemaña que manterá a taxa de crecemento estable desde o terceiro trimestre de 2018 ata o penúltimo trimestre de 2019.



1.2. Situación da economía española

1.2.1. Escenario macroeconómico

Os datos máis recentes de crecemento económico para España amosan unha prolongación da fase expansiva da economía aínda que cun crecemento máis moderado; así, segundo os datos avance publicados polo INE, o PIB rexistrou un incremento intertrimestral no segundo trimestre do 0,6%, inferior ao dos trimestres anteriores. En termos de taxa interanual, o crecemento foi tamén inferior ao do trimestre precedente.

A economía española mantén unha senda de crecemento sólido, acadando doce trimestres consecutivos taxas superiores ao 3%, ata o segundo trimestre de 2018 onde reduce o seu crecemento ata o 2,7%. Desde a óptica da demanda, segue un crecemento equilibrado, con achegas positivas tanto da demanda interna como da demanda externa nos dous últimos anos.

Analizando o crecemento do PIB no ano 2017, pódese observar unha maior achega da demanda interna, 2,8 puntos porcentuais, tres décimas máis que no ano anterior, e unha menor contribución do sector exterior, 0,3 puntos porcentuais. Nos dous primeiros trimestres do ano, a achega da demanda interna mantense elevada e a contribución do sector exterior é positiva no primeiro trimestre mais negativa no segundo.

España. Demanda. Índices de volume								
<i>Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación anual e interanual (%)</i>								
Operacións	2016	2017	2017				2018	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	2,5	2,2	1,9	2,2	2,1	2,5	2,6	2,2
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	3,0	2,4	2,2	2,4	2,4	2,5	2,8	2,2
-Gasto en consumo final das AAPP	0,8	1,6	1,0	1,5	1,4	2,4	1,9	2,1
Formación bruta de capital	3,1	5,5	5,1	4,1	6,5	6,2	3,7	5,9
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	2,5	2,8	2,5	2,5	3,0	3,2	2,8	2,9
Exportacións de bens e servizos	4,8	5,0	5,6	4,5	5,6	4,4	3,2	1,2
Importacións de bens e servizos	2,7	4,7	4,5	3,1	5,9	5,2	2,8	2,1
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,3	3,1	3,0	3,1	3,1	3,1	3,0	2,7

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

Fonte: Contabilidad nacional trimestral (INE). Avance



Entre as compoñentes da demanda interna, o consumo privado aumentou un 2,4% no ano 2017, favorecido polo continuo incremento do emprego; no segundo trimestre de 2018, o crecemento foi do 2,2%, seis décimas inferior ao do trimestre anterior.

A formación bruta de capital acadou un forte impulso no ano 2017, cun incremento do 5,5%, superando en máis de dous puntos o rexistro do ano anterior. No que vai de ano 2018, mantense a puxanza do ano anterior, cunha taxa do 5,9% no segundo trimestre.

As exportacións españolas mostran un forte dinamismo nos últimos anos. O crecemento medio no ano 2017 foi do 5,0%, dúas décimas superior ao do ano anterior. Na primeira metade do ano 2018, detéctase una desaceleración, ata chegar a unha taxa do 1,2% no segundo trimestre.

As importacións tamén tiveron un forte impulso en 2017, cunha taxa do 4,7%, dous puntos superior á do ano anterior e moderan o seu crecemento no que vai de ano.

As previsións dos principais organismos nacionais e internacionais coinciden no mantemento da inercia expansiva da economía, aínda que cun menor crecemento nos dous próximos anos.

O crecemento previsto para o ano 2018 varía entre o 2,7% do Goberno e do Banco de España e o 2,8% dos principais organismos internacionais (nas previsións de xullo do FMI e Comisión Europea e de maio da OCDE).

Para o ano 2019 hai un maior consenso entre os principais organismos públicos nacionais e internacionais, un 2,4%, agás o FMI, que prevé un incremento do 2,2%.

No seguinte cadro presentamos as estimacións de crecemento para España previstas para os anos 2018 e 2019 polo Goberno, o Banco de España, o FMI (informe WEO de abril de 2018), a OCDE e a Comisión Europea (previsións de primavera, agás o Produto Interior Bruto real, que na actualización de xullo revisou unha décima á baixa, ata o 2,8%).



Previsións macroeconómicas. España. TVA (%)										
	2018					2019				
	Ministerio Economía (xullo 2018)	Banco de España (xuño 2018)	CE (maio 2018)	FMI (abril 2018)	OCDE (maio 2018)	Ministerio Economía (xullo 2018)	Banco de España (xuño 2018)	CE (maio 2018)	FMI (abril 2018)	OCDE (maio 2018)
PIB por compoñentes de demanda										
Gasto en consumo final nacional de fogares	2,4	2,4	2,3	2,3	2,3	1,9	1,8	1,9	2,0	1,8
Gasto en consumo final nacional das AAPP.	1,5	1,5	1,9	1,0	1,2	1,4	1,3	1,3	0,7	1,1
Fomación bruta de capital fixo	4,2	4,2	4,6	4,5	4,4	4,0	4,2	3,9	3,6	4,3
Demanda nacional ⁽²⁾	2,5	2,5	2,6	2,6	2,6	2,2	2,2	2,2	2,1	2,2
Exportacións de bens e servizos	4,7	4,6	5,0	4,7	4,6	4,5	4,8	4,7	4,2	4,5
Importacións de bens e servizos	4,6	4,5	4,7	4,3	4,2	4,2	4,6	4,5	4,1	4,2
Saldo exterior ⁽³⁾	0,2	0,2	0,2	0,3	0,3	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
Produto interior bruto	2,7	2,7	2,8*	2,8	2,8	2,4	2,4	2,4	2,2	2,4
Produto interior bruto nominal	4,3	4,2	4,3	4,4	4,8	4,1	4,1	4,0	3,9	3,9
Mercado de traballo										
Emprego equivalente a tempo completo	2,5	2,4	2,6	2,0	2,2	2,2	2,0	2,3	0,8	2,0
Taxa de paro	15,5	15,2	15,3	15,5	15,5	13,8	13,4	13,8	14,8	13,8

(1) Inclúe ás ISFLSF

(2) En Ministerio de Economía, Banco de España e Comisión Europea: Achega ao crecemento do PIB

(3) Achega ao crecemento do PIB

(*) Previsión de xullo


Fonte: Ministerio de Economía y empresa, Banco de España, Comisión Europea, OCDE e FMI

No que respecta á taxa de paro, as previsións máis optimistas en 2018 corresponden ao Banco de España e a Comisión Europea, con taxa de paro do 15,2% e 15,3% respectivamente. Os outros tres organismos estiman unha taxa do 15,5% en 2018. Con estas previsións, a taxa de paro diminuíría como mínimo 1,7 puntos con respecto ao ano anterior. Para o ano 2019 a previsión do FMI é a máis desfavorable, cunha taxa do 14,8%, mentres que o Banco de España presenta a taxa máis positiva, 13,4%; os outros organismos estiman unha taxa de paro do 13,8%. Con estas estimacións, o descenso máis acusado na taxa no ano 2018 sería o do Banco de España, 1,8 puntos, mentres que o FMI rebaixaría 0,7 puntos.


A estimación de consenso dos organismos privados, que foi actualizada en setembro, diminuíu unha décima a previsión tanto para o 2018 como 2019 respecto da actualización anterior, ata un crecemento do 2,7% en 2018 e do 2,3% en 2019.

Dos parágrafos anteriores dedúcese que todos os organismos nacionais e internacionais prevén unha contención no crecemento da economía española no bienio 2018 – 2019, e os indicadores económicos máis recentes apuntan a unha revisión á baixa respecto dos prognósticos de comezos de ano.

Os seguintes gráficos mostran as distintas previsións tanto dos organismos públicos como privados.



Fontes: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea, Banco de España e Gobierno de España



Fontes: Funcas, OCDE, FMI, Comisión Europea, Banco de España e Gobierno de España



1.2.2. Capacidade ou necesidade de financiamento e posición de investimento

A contribución positiva da demanda exterior ao crecemento do PIB ten a súa contrapartida nunha capacidade positiva de financiamento da economía no seu conxunto.

Un crecemento continuado, creando emprego e xerando capacidade positiva de financiamento son os parámetros que garanten un senda robusta de crecemento e máis resiliente a futuros impactos de desequilibrios noutras economías, o que podemos denominar un crecemento san.

A partir do ano 2012 a conta de bens e servizos ofrece un saldo positivo que continúa ata a actualidade. Incluindo nesa tendencia a información dos meses dispoñibles do 2018.

Balanza de Pagos. Saldos

Anos	Conta Corrente		Conta de Capital	Cap(+)/Nec(-) de financiación	
	Bens e Servizos				Rentas e Transferencias
	Turismo	Total			
2011	32.219	-1.888	-32.152	4.054	-29.986
2012	33.256	15.999	-18.403	5.179	2.775
2013	34.803	33.771	-18.183	6.576	22.164
2014	35.440	25.674	-14.458	5.049	16.265
2015	35.334	25.251	-13.077	7.070	19.244
2016	37.222	33.672	-12.189	2.682	24.165
2017	40.560	33.540	-11.396	2.648	24.792

Fonte: Banco de España

Nota: Millóns de euros

O bo comportamento da conta corrente está fundamentado no saldo dos servizos de turismo. Con todo, nos últimos anos mostran un saldo positivo e significativo outros servizos como "servizos empresariais" ou "telecomunicacións e informática". Pero o saldo positivo do turismo é estable no tempo, polo que hai que achacar ao mellor comportamento do resto de compoñentes da conta corrente a volta a saldos positivos.

Por sectores institucionais, actualmente todos contribúen á capacidade de financiamento da economía salvo as administracións públicas que teñen un saldo negativo.



O saldo positivo da conta corrente e de capital agregadas (capacidade de financiamento) correspóndese cun saldo positivo na conta financeira. En concreto presentan saldos positivos o investimento directo, en carteira e resto.



1.2.3 Curva de Beveridge

A relación entre a taxa de vacantes e a taxa de paro (curva de Beveridge) permite observar a evolución da conxuntura no mercado de traballo se se producen desprazamentos ao longo dunha curva teórica decrecente. Con todo, se observamos desprazamentos da propia curva teórica estamos ante cambios estruturais no propio mercado de traballo.

O primeiro gráfico recolle a curva de Beveridge para España empregando a base de datos REMS do Ministerio de Facenda. O segundo gráfico representa as dúas series por separado, cada unha co seu propio eixo, que amosan un carácter contraposto ante o ciclo.



Dende o ano 2000 ata o comezo da crise obsérvase unha mellora da conxuntura cunha diminución da taxa de paro. Con todo, dende o comezo da crise prodúcese un forte desprazamento da curva que indica que o mercado de traballo funcionou peor axustando oferta e demanda. Por exemplo, o intenso desemprego xerado na construción non atopaba fácil encaixe noutros sectores. Nos anos recentes parece que a curva volveuse desprazar á situación anterior á crise, pero aínda ten que reducirse a taxa de paro para chegar á situación anterior.

A redución do desaxuste no mercado de traballo tivo que vir de cambios estruturais como: a política monetaria expansiva do BCE, os prezos máis favorables da enerxía ou a reforma laboral do 2012, entre outros.



1.3. Evolución recente da economía galega


Os datos económicos máis recentes para Galicia indican que continúa a fase expansiva da economía galega. Galicia mantivo un crecemento sostido nos últimos anos, acadando durante dez trimestres consecutivos taxas de crecemento interanual iguais ou superiores ao 3%. No segundo trimestre de 2018 moderou o seu crecemento (2,8%). A taxa intertrimestral neste trimestre foi do 0,6%, inferior á dos trimestres anteriores. A continuación detállase o comportamento da economía galega nos últimos trimestres para mostrar a tendencia a curto prazo da mesma.

Produto interior bruto

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	2016	2017	2017				2018	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Variación interanual	3,1	3,1	3,0	3,2	3,1	3,1	3,1	2,8
Variación intertrimestral	--	--	0,6	0,9	0,8	0,7	0,7	0,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais




Fonte: IGE, INE, EUROSTAT



Demanda

Desde a óptica da demanda, a economía galega mostra un patrón de crecemento equilibrado, con achegas positivas tanto da demanda interna como da demanda externa ao crecemento do PIB desde o ano 2015.

No ano 2017 a achega da demanda interna en termos nacionais foi de 1,7 puntos porcentuais, rexistro lixeiramente inferior ao do ano anterior, debido principalmente ao menor crecemento do consumo privado. Na primeira metade do ano 2018, a demanda interna aumenta a súa achega ao crecemento do produto interior bruto, sumando 3,0 puntos no segundo trimestre.



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais



Demanda. Índices de volume. Referencia ano 2010=100

Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2016	2017	2017				2018	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Gasto en consumo final	2,1	1,5	1,5	1,1	1,8	1,6	2,3	2,2
-Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	2,0	1,3	0,6	1,3	1,5	1,8	2,7	2,1
-Gasto en consumo final das AAPP	2,2	2,1	3,9	0,5	2,7	1,2	1,4	2,6
Formación bruta de capital	0,6	3,2	1,6	1,9	4,9	4,3	6,0	8,1
Demanda interna (en termos nacionais) ⁽¹⁾	1,8	1,7	1,5	1,2	2,2	2,0	2,8	3,0
Exportacións de bens e servizos	5,5	4,8	6,9	6,4	0,6	5,4	7,1	4,5
Importacións de bens e servizos	3,1	2,3	4,1	2,8	-1,0	3,6	7,0	5,5
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,1	3,1	3,0	3,2	3,1	3,1	3,1	2,8

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

⁽¹⁾ Achega ao crecemento do PIB pm.

A evolución positiva de demanda interna baséase no comportamento conxunto de todos os agregados. O gasto en consumo final dos fogares incrementouse un 1,3% no ano 2017, menos que o ano anterior; o ano 2018 comezou cunha aceleración no seu crecemento (2,8% no primeiro trimestre), que se ralentizou no segundo trimestre (2,1%) debido principalmente ao incremento dos prezos.

Os principais indicadores de consumo dos fogares móstranse en sintonía co agregado debido a que presentan no ano 2017 unha taxa interanual inferior á do ano anterior e un mellor comportamento no que vai de ano. O indicador de renda salarial real calculada con: afiliación, incremento salarial pactado en convenio e o IPC como deflactor, así como a matriculación de turismos, rexistran no ano 2017 un crecemento medio inferior ao do ano anterior e unha recuperación no que vai de ano 2018.

A formación bruta de capital creceu en 2017 con maior intensidade que en 2016 (3,2% fronte a 0,6%), co que encadea catro anos consecutivos de crecemento. O ano 2018 comezou cunha aceleración no crecemento, chegando a un incremento do 8,1% no segundo trimestre.

Entre os indicadores de investimento, a produción e as importacións de bens de equipo melloraron o seu comportamento no ano 2017; as importacións mostran unha maior intensidade no crecemento e a produción mellora na primeira metade do ano aínda que a menor ritmo. A menor licitación de obra pública en 2017 limita o crecemento do investimento no ano en curso, cun maior dinamismo no primeiro trimestre que no segundo. Outro indicador de investimento, a matriculación de vehículos de carga, mostra unha tendencia expansiva nos últimos anos.



Pola súa parte, o sector exterior achegou, no ano 2017, 1,3 puntos porcentuais ao incremento do PIB. No primeiro semestre do ano, modérase a contribución do sector exterior ata chegar a valores negativos, debido a un maior crecemento das importacións que das exportacións.

As exportacións creceron un 4,8% no ano 2017, 0,7 puntos menos que no ano anterior; as importacións aumentaron un 2,3%, 0,8 puntos menos que no ano 2016. Tanto as exportacións galegas ao resto de España e ao estranxeiro como o gasto dos non residentes rexistran un crecemento inferior no ano 2017 respecto do ano anterior.

No que vai de ano, tanto as exportacións como as importacións mostran un forte dinamismo.

Os datos de comercio exterior, obtidos a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Axencia Estatal de Administración Tributaria, indican que as exportacións galegas aumentaron en termos nominais en 2017 un 8,5%, superando o crecemento do ano anterior. Nos sete primeiros meses do ano, as exportacións creceron un 9,9%. As importacións aumentaron un 10,5% en 2017 e manteñen o dinamismo neste ano, cunha taxa do 11,3%.

Oferta

Dende a perspectiva da oferta, no ano 2017 as taxas de crecemento interanual dos grandes agregados son superiores ás do ano precedente na construción e no sector primario mentres que na industria e nos servizos son inferiores. No primeiro semestre de 2018 a industria e a construción melloran respecto ao mesmo período do ano anterior.



Oferta. Índices de volume. Referencia ano 2010=100

Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

Operacións	2016	2017	2017				2018	
			Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	1,1	1,7	3,3	1,2	1,0	1,2	0,3	1,9
Industria	2,4	1,7	-1,3	3,0	2,2	3,0	6,2	3,5
- Industria manufacturera	3,5	4,2	2,8	5,6	4,2	4,2	4,4	4,1
Construción	1,6	3,5	3,7	2,7	3,2	4,5	4,7	6,0
Servizos	3,5	3,3	3,9	3,3	3,3	2,8	2,2	2,3
- Comercio, transporte e hostalería	7,4	6,3	7,8	6,9	5,9	4,7	3,3	3,3
- Información e comunicacións	3,8	5,1	7,3	4,7	4,1	4,3	1,6	4,1
- Actividades financeiras e de seguros	0,0	0,5	0,8	0,2	1,4	-0,3	0,9	0,1
- Actividades inmobiliarias	0,2	0,9	1,3	0,3	0,9	1,0	1,2	1,6
- Actividades profesionais	4,0	3,9	4,3	3,3	4,0	4,1	3,7	4,3
- Administración pública, sanidade e educación	0,9	1,3	1,1	0,8	1,5	2,0	1,4	1,2
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	1,5	0,3	0,3	0,4	0,4	0,3	0,3	0,3
Impostos netos sobre os produtos	3,8	4,0	3,1	4,4	4,1	4,2	4,7	3,0
PRODUTO INTERIOR BRUTO a prezos de mercado	3,1	3,1	3,0	3,2	3,1	3,1	3,1	2,8

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un crecemento do 1,7% no ano 2017, 0,6 puntos superior á taxa do ano 2016, cun bo comezo do ano pero que foi moderándose nos seguintes trimestres. No ano 2018, a tendencia é alcista.

As ramas industriais rexistran un crecemento do 1,7% no ano 2017, empeorando en 0,7 puntos o rexistro do ano precedente. Non obstante, a industria manufacturera creceu un 4,2%, 0,7 puntos máis que no ano anterior. Na primeira metade do ano, continúa a fortaleza da industria manufacturera, con taxas superiores ao 4% nos dous trimestres.

O principal indicador conxuntural do sector industrial, o Índice de produción industrial (IPI) reflicte o bo comportamento deste sector nos primeiros meses de 2018. O índice rexistra unha taxa do 7,3% nos sete primeiros meses do ano, cando no ano 2017 o crecemento foi do 1,8%. As ramas de actividade que máis repercuten son a produción de enerxía, o naval e a metalurxia.

A taxa de variación interanual do sector da construción no ano 2017 foi do 3,5%, superior á do ano anterior. Estes datos poñen de manifesto a recuperación da actividade neste sector, que continúa no primeiro semestre de 2018.

O sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 3,3% en 2017, 0,2 puntos inferior á do ano anterior. A rama de actividade cun crecemento máis robusto nos últimos anos é Comercio, transporte e hostalería, que reduce o seu crecemento en



2017 respecto do ano anterior, dun 7,4% en 2016 ata un 6,3% en 2017. Todas as ramas rexistran taxas positivas no ano. No que vai de ano 2018 o sector servizos modera o seu crecemento.

O principal indicador conxuntural do sector servizos, o Indicador de actividade do sector servizos (IASS) reflicte a redución da intensidade na actividade, cunha taxa de crecemento nos sete primeiros meses do ano do 5,3%, inferior ao incremento no ano 2017, 7,9%.

Emprego

No ano 2017 o número medio de postos de traballo equivalentes a tempo completo foi de 993.600, isto supón un incremento de 17.677 postos en termos absolutos con respecto a 2016; en termos relativos o crecemento foi do 1,8%.

Todos os grandes agregados rexistran taxas positivas no conxunto do ano 2017. As ramas agraria, gandeira e pesqueira amosan o mellor comportamento, cun crecemento do 3,5%; na industria aumentan os postos de traballo equivalentes a tempo completo o 3,3%, na construción o 0,8% e nos servizos o 1,4%. En comparación coas taxas do ano anterior, a industria mellora en 0,7 puntos e a construción en 1,8 puntos. O sector primario minora o seu crecemento en 1,1 puntos e os servizos en 0,5 puntos.

No primeiro semestre de 2018 seguen a aumentar os postos de traballo equivalentes a tempo completo, aínda que a un ritmo máis moderado que no mesmo período do ano anterior.

Atendendo ás ramas de actividade aprécianse rexistros positivos en todos os grandes agregados agás no sector primario. Os sectores con maior incremento do emprego son a industria e a construción.



Emprego por ramas de actividade
Postos de traballo equivalentes a tempo completo

Datos corrigidos de efectos estacionais e de calendario. Taxas de variación interanual (%)

	2016		2017				2018	
	2016	2017	Tr. I	Tr. II	Tr. III	Tr. IV	Tr. I	Tr. II
Agricultura, selvicultura, gandería e pesca	4,6	3,5	7,8	4,5	4,0	-2,0	-4,7	-6,2
Industria	2,6	3,3	2,8	3,1	3,5	3,7	3,4	3,9
- Industria manufacturera	2,6	3,4	3,0	3,2	3,6	4,0	3,8	4,3
Construción	-1,0	0,8	-0,2	0,8	0,6	2,1	4,7	5,3
Servizos	1,9	1,4	1,5	1,5	1,4	1,3	1,6	1,8
- Comercio, transporte e hostalería	1,7	1,8	1,5	2,0	1,9	1,6	2,4	2,1
- Información e comunicacións	4,2	0,1	-0,1	-0,1	0,4	0,4	-0,2	1,2
- Actividades financeiras e de seguros	-4,2	1,0	0,8	1,0	1,2	1,1	-0,6	-0,8
- Actividades inmobiliarias	-7,4	2,7	0,4	2,6	3,3	4,4	6,2	5,7
- Actividades profesionais	3,4	4,2	4,0	5,2	4,2	3,5	3,3	2,4
- Administración pública, sanidade e educación	1,8	0,2	0,6	0,0	0,0	0,3	1,1	1,9
- Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	3,1	0,7	1,6	-0,2	0,7	0,6	-1,8	0,3
TOTAL POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTES A TEMPO COMPLETO	2,0	1,8	2,0	1,9	1,9	1,5	1,6	1,8

Fonte: IGE. Contabilidade trimestral

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, aumentou no ano 2017 un 2,1%, o que supón un incremento de 16.739 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano. No que vai de ano, o emprego asalariado crece con maior intensidade, rexistrado no segundo trimestre unha taxa do 3,2%, o maior incremento nos últimos dez anos.

No ano 2017, o número de horas efectivas aumenta un 1,2%, crecemento lixeiramente superior ao do ano 2016 (1,1%). No que vai de ano, apréciase unha desaceleración no crecemento do número de horas, rexistrando unha taxa do 0,4% no segundo trimestre.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo situouse no 1,2% no ano 2017, unha décima máis que no ano anterior.

A Enquisa de poboación activa (EPA) reflicte que o número de ocupados aumentou un 1,2% no ano 2017, taxa inferior en máis dun punto á do ano 2016; supón un incremento de 12.100 persoas ata chegar aos 1.052.700 ocupados, o valor máis alto desde 2011. No segundo trimestre de 2018, os ocupados aumentaron un 2,6%.

O número de parados reduciuse no ano 2017 en 19.800 persoas, unha taxa do -9,2%, ata os 195.600 parados. Con este nivel de paro, a taxa de paro no 2017 é do 15,7%, 1,5 puntos inferior á do ano 2016; é a taxa máis baixa desde 2010 (15,3%).



A caída do paro continúa en 2018, cunha redución no número de parados do 13,2% no segundo trimestre de 2018, co que a taxa de paro foi do 14,0%.

As afiliacións medias á Seguridade Social mostran unha evolución distinta á da EPA. Así, as afiliacións medias no ano 2017 aumentaron un 2,1%, catro décimas máis que no ano anterior e nos oito primeiros meses do ano continúa a tendencia ascendente, cun crecemento do 2,5%.



1.4. Escenario macroeconómico 2018 – 2021

O escenario macroeconómico para Galicia manifesta a consolidación da senda expansiva da economía galega ao longo do horizonte da previsión, cun crecemento do PIB do 2,8% para o ano 2018, que se moderaría progresivamente ata o 2,1% no ano 2021.

Escenario macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2017	2018	2019	2020	2021
Produto interior bruto (PIB)	3,1	2,8	2,5	2,3	2,1
Produto interior bruto nominal	4,1	3,6	3,9	4,1	4,0
Emprego. PTETC	1,8	1,7	1,4	1,2	1,0
Taxa de paro¹	15,7	14,1	12,7	11,2	9,9

¹ % da poboación activa

Fonte: IGE

O escenario macroeconómico para os anos 2018 - 2019 mostra, desde a óptica da demanda, un crecemento equilibrado, baseado no crecemento da demanda interna e un bo comportamento do sector exterior. Desde a óptica da oferta prevese un fortalecemento do sector industrial no ano 2018, cun ritmo menor no ano seguinte, mentres que os servizos rexistrarán un crecemento máis moderado que nos dous últimos anos. O sector da construción avanzará na súa recuperación.

Detállase a continuación, para os principais agregados da demanda, o cadro macroeconómico para os dous próximos anos.

1. O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro crecerá por riba do 2% nos dous anos. A renda dos fogares en termos reais veríase favorecida por un incremento dos salarios e pensións no ano 2018, pero este efecto podería reducirse no ano seguinte por unha menor intensidade na creación de emprego e ao destinar os fogares unha parte cada vez maior da súa renda ao aforro.

2. O gasto en consumo final das administracións públicas moderará o seu crecemento nos próximos anos, cun incremento do 1,9% en 2018 e do 1,8% en 2019.



3. A formación bruta de capital continuará a súa recuperación. No ano 2018 crecerá un 6,6% e prevese unha taxa do 3,4% para o ano 2019. O empuxe do sector industrial no ano 2018 demandará un maior investimento en bens de equipo, axudado por unhas condicións financeiras favorables e a mellora nos beneficios empresariais. A desaceleración da demanda interna de España e dalgúns países do noso entorno podería influír nas expectativas das empresas galegas para o próximo ano. O investimento residencial continuará avanzando lentamente; o incremento do emprego e as condicións financeiras favorecen o seu avance pero a perda de poboación reduce a demanda de vivenda nova.

4. A achega da demanda externa neta será neutral no ano 2018, por un mellor comportamento das importacións (5,9%) que das exportacións (5,5%). As exportacións manterán un elevado dinamismo favorecidas polo sólido crecemento previsto para a economía española e algúns países da nosa contorna. Polo que respecta ás importacións, rexistrarán un forte crecemento pola demanda de bens do sector industrial. Para o ano 2019 prevese unha moderación no crecemento tanto das exportacións (4,5%) como das importacións (4,3%), por unha menor demanda do resto de España e de países da nosa contorna.

5. A taxa de paro situarase no ano 2018 no 14,1%, co que diminuírá en 1,6 puntos respecto á do ano 2017. Un incremento da ocupación xunto cunha diminución da poboación activa levan a esta taxa. Para o ano seguinte a taxa de paro baixará ata o 12,7% e continuará esta senda descendente ata o 2020 co 11,2% e o 2021, cando se prevé que sexa do 9,9%.

Por tanto, de seguir a tónica dos últimos cinco anos, a devandita taxa de 2020, será compatible con niveis a finais de ano do entorno do 10%, en liña coas previsións do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

No cadro seguinte móstranse as previsións macroeconómicas de Galicia para o período 2018 -2019.



Cadro macroeconómico Galicia. Variación anual en %

	2017	2018	2019
Gasto en consumo final	1,5	2,1	2,0
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	1,3	2,2	2,1
- Gasto en consumo final das AAPP	2,1	1,9	1,8
Formación bruta de capital	3,2	6,6	3,4
Achega demanda interna¹	1,7	2,7	2,2
Exportación de bens e servicios	4,8	5,5	4,5
Importación de bens e servicios	2,3	5,9	4,3
Produto interior bruto (PIB)	3,1	2,8	2,5
Produto interior bruto nominal	4,1	3,6	3,9
En prego. PTETC	1,8	1,7	1,4
Taxa de paro²	15,7	14,1	12,7

¹ Contribución en puntos porcentuais

² % da poboación activa

Fonte: IGE



1.5. Crecemento potencial e output gap

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece que ningunha administración pública poderá incurrir en déficit estrutural, salvo nalgunhas circunstancias fixadas na devandita Lei. En virtude dela, é necesario dispor do cálculo do saldo estrutural para cada comunidade autónoma, así como para o Estado e a Seguridade Social.

A obtención do saldo estrutural dunha administración pública consiste en medir o compoñente cíclico do dito saldo e calcular a compoñente estrutural como diferenza entre o observado e o cíclico. A Orde ECC/2741/2012, de 20 de decembro, sobre o cálculo das previsións tendenciais de ingresos e gastos e da taxa de referencia da economía española desenvolve a metodoloxía para o cálculo do PIB potencial e a compoñente cíclica dos ingresos e gastos públicos seguindo a metodoloxía da Comisión Europea. Esta metodoloxía mudou posteriormente e as modificacións quedan recollidas na Orde ECC/493/2014 de 27 de marzo e na Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro.

O cálculo da compoñente cíclica realízase en dúas fases. En primeiro lugar, calcúlase a fenda de produción, expresada como diferenza entre o Produto Interior Bruto (PIB) real observado e o PIB potencial, expresado en porcentaxe do produto potencial. En segundo lugar, estímase unha relación (elasticidade) entre o saldo observado e a fenda cíclica.

O crecemento potencial e o *output gap* dunha economía son conceptos de gran utilidade para a análise económica e, en particular, para a toma de decisións de política económica. Constitúen a referencia básica para avaliar a posición cíclica da economía e efectuar o diagnóstico sobre a orientación das políticas económicas.

Defínese o produto potencial como o nivel de produción en termos reais que unha economía é capaz de xerar utilizando os factores dispoñibles e a tecnoloxía existente, sen xerar presións inflacionarias. O *output gap* ou fenda de produción defínese como o cociente entre o PIB observado ou previsto, en termos reais, e o nivel estimado para o PIB potencial menos un.

A metodoloxía empregada para o cálculo do PIB potencial e do *output gap* para a economía galega⁶ segue no fundamental o contemplado nas ordes ministeriais ECC/2471/2012 de 20 de decembro, ECC/493/2014 de 27 de marzo e ECC/1556/2016, de 28 de setembro, que seguen, a súa vez, a súa vez, a metodoloxía da función de produción da

⁶ http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_PIB_output_gap.pdf



Comisión Europea⁷. Esta metodoloxía esixe, por un lado, a estimación da produtividade total dos factores (PTF) e, por outro, a avaliación dos factores produtivos (emprego e capital) no seu nivel potencial.

No seguinte cadro recóllense para Galicia as taxas de crecemento previstas para o PIB real, o PIB potencial estimado, as achegas das súas principais compoñentes e o *output gap*.

Evolución cíclica. Galicia					
	2017	2018	2019	2020	2021
PIB real. TVA (%)	3,1	2,8	2,5	2,3	2,1
PIB potencial. TVA (%)	0,6	0,9	1,1	1,2	1,4
Achegas ao crecemento do PIB potencial (*)					
Produtividade total dos factores	1,0	1,0	1,0	1,0	1,0
Traballo	-0,7	-0,5	-0,4	-0,3	-0,2
Capital	0,3	0,4	0,5	0,5	0,7
Output gap (*)	-1,1	0,6	1,9	2,9	3,6

(*) Porcentaxe do PIB

NAWRU calculada con curva de Phillips híbrida

Fonte: IGE

O crecemento potencial manterase por debaixo do PIB real nos próximos anos. A estimación do produto potencial indica que seguirá unha senda crecente ata chegar ao 1,4% en 2021. Esta evolución débese a unha achega menos negativa do factor traballo e a unha maior achega do capital, mentres que a contribución da produtividade total dos factores mantense estable no período da proxección.


O PIB potencial diminuíu durante a crise tanto en Galicia como en España, debido á caída do investimento e do emprego, e estase a recuperar nos últimos anos. Como se pode ver no gráfico que segue, a achega das distintas compoñentes é diferente segundo o ámbito xeográfico. A mediados da década do 2000, o factor que máis contribuía ao crecemento potencial en Galicia era o capital, polo auxe da construción; porén, en España o incremento da poboación (sobre todo pola inmigración) fixo que fose o emprego o que tivese unha maior achega, seguido polo capital. Durante a crise, estes dous factores reduciron a súa achega nos dous territorios.

⁷ http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2014/ecp535_en.htm



Pódese observar a recuperación do investimento nos últimos anos tanto en Galicia como en España, aínda que non se chegou aos niveis anteriores á crise. Esta recuperación contribuirá a un maior crecemento do PIB potencial no futuro.

Unha maior perda de poboación en idade de traballar en Galicia que en España explica a achega máis negativa do factor traballo.



Fonte: IGE. Elaboración propia

A achega do factor traballo ao crecemento do PIB potencial vén determinada pola evolución da poboación en idade de traballar e da taxa de desemprego non aceleradora dos salarios (NAWRU).

A estimación da NAWRU realízase a través do programa GAP, elaborado por Fiorentini, Planas e Rossi. No manual da versión 5.0 describe o modelo utilizado mediante análise factorial dinámico.

O desemprego μ_t descomponse en ciclo g_t e tendencia (NAWRU) N_t :

$$\mu_t = N_t + g_t$$

$$\Delta N_t = \eta_{t-1} + \alpha_{Nt}$$

$$\eta_t = \eta_{t-1} + \alpha_{\eta t}$$

$$g_t = \phi_{g1} g_{t-1} + \phi_{g2} g_{t-2} + \alpha_{gt}$$



A NAWRU segue un proceso aleatorio de orde un ou dous segundo a varianza de $a_{\eta t}$ sexa nula ou estritamente positiva. A expresión anterior relaciónanse cos costes laborais unitarios a través da ecuación da curva de Phillips:

$$w_t = \mu_t + \phi_{w1} w_{t-1} + \beta_0 g_t + \beta_1 g_{t-1} + \gamma'_w z_t + a_{wt}$$

onde o vector z_t contén información esóxena sobre produtividade, termos de comercio e fixadores de salarios. Todas as innovacións, a_{Nt} , $a_{\eta t}$ e a_{gt} , son ruído branco, independentes e normalmente distribuídos.

As estimacións indican que a taxa de paro sería inferior á NAWRU a partir do ano 2019, o que se traduciría nunha presión á alza dos salarios.

Como resultado da evolución do PIB real e do potencial, o *output gap* de Galicia comeza a reducirse a partir de 2014 ata chegar a unha taxa positiva en 2018 (0,6%) e continuar en valores positivos nos anos seguintes.



1.6. Saldo orzamentario axustado

A partir das semi-elasticidades e o *output gap* é posible obter a descomposición do saldo orzamentario de Galicia en saldo cíclico e ciclicamente axustado. O saldo cíclico⁸ calcúlase como o produto da semi-elasticidade e o *output gap* e o saldo axustado do ciclo como a diferenza entre o saldo público e o saldo cíclico.

Finalmente, obtense o saldo estrutural ao restar do saldo ciclicamente axustado a diferenza entre os ingresos e gastos non recorrentes.

O saldo público ou ratio de déficit da administración autonómica sobre o PIB, vén determinado pola distribución do mesmo entre os distintos niveis de administración (ver punto 2.1 do informe). Para o exercicio 2018, consecuentemente coa senda de consolidación fiscal marcada, Galicia prevé pechar en equilibrio, cunha necesidade de financiamento do 0,1%-0% do PIB, e un saldo estrutural do 0% do PIB.

Saldo orzamentario cíclico. Galicia (% do PIB)					
	2017	2018	2019	2020	2021
Saldo público	-0,2	0,0	0,0	0,2	0,5
Intereses	0,4	0,2	0,2	0,2	0,2
Medidas non recorrentes temporais	-0,1	-0,1	-0,1	-0,1	0,0
Saldo primario	0,2	0,2	0,2	0,5	0,7
Output gap	-1,1	0,6	1,9	2,9	3,6
Saldo cíclico	-0,2	0,1	0,3	0,5	0,6
Saldo ciclicamente axustado	0,0	-0,1	-0,3	-0,2	-0,1
Saldo primario ciclicamente axustado	0,3	0,1	-0,1	0,0	0,1
Saldo estrutural	0,1	0,0	-0,2	-0,1	-0,1
Saldo estrutural primario	0,5	0,3	0,0	0,1	0,1

Fonte: IGE, Consellería de Facenda

No que respecta á compoñente cíclica, a evolución do *output gap* provocará unha corrección do saldo cíclico que acadará valores positivos dende 2018 (0,1 puntos do PIB). Esta mellora reflíctese na crecente achega positiva do saldo cíclico ao saldo público, que medra dúas décimas ata situarse nun 0,3% do PIB.

⁸ Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía, que segue a da Comisión Europea e explícase no Anexo I deste informe. Esta metodoloxía baséase no uso das semi-elasticidades para o cálculo do saldo orzamentario cíclico, a partir do cal obtense o saldo estrutural.



O crecente compoñente positivo cíclico do saldo público recomenda adoptar políticas fiscais acomodaticias, con nesgo neutral ou superavitario. O contrario leva a xerar déficits estruturais que, cando desaparece o impulso cíclico positivo, xeran fortes endebedamentos e necesidades de axuste.

Por todo isto Galicia defendeu no pasado Consello de Política Fiscal e Financeira a continuación da senda de consolidación fiscal marcada perante a proposta de maior déficit do Goberno de España.



1.7. Taxa de referencia da economía galega

A Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira establece que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Para obter dita taxa, calcúlase cada ano a media dos crecementos reais potenciais de dito ano, os cinco anteriores e os catro posteriores, obténdose así a taxa de referencia real. Os crecementos dos deflatores para pasar da taxa de referencia real á nominal correspóndense cos valores menores entre o 2% e a taxa do deflactor prevista ou efectivamente realizada cada ano, segundo a Contabilidade Nacional.

A obtención do PIB potencial de Galicia permite obter a taxa de referencia da economía galega. A taxa de referencia en termos nominais é do 2,1% en 2018 e do 2,4% en 2019.

Taxa de referencia. Galicia		
	2018	2019
En termos reais	0,8	1,0
Deflactor	1,3	1,4
En termos nominais	2,1	2,4

Fonte: IGE

A taxa de referencia da economía española, vinculante para a elaboración e execución das contas do sector público autonómico de Galicia, é do 2,7% para 2019, tres décimas superior á taxa obtida para Galicia.

Cuadro 3. Tasas de referencia del PIB reales y nominales			
Variación anual en %	2019	2020	2021
Tasa de referencia real (1)	1,0	1,2	1,2
Tasa de referencia nominal	2,7	2,9	3,1
(1) NAWRU calculada con Curva de Phillips <i>forward-looking</i> no centrada.			
Fuente: Ministerio de Economía y Empresa.			



2. ENVOLVENTE FINANCEIRA PLURIANUAL

Partindo do marco económico fixado con anterioridade, podemos estimar a envolvente financeira plurianual dimanante das anteriores previsións económicas e das decisións sobre política fiscal.

Para elo, realizamos unha previsión da evolución das principais masas financeiras dos recursos da comunidade autónoma.

A capacidade máxima de gasto debe ser coherente cos obxectivos de regras fiscais acordadas no seo do Consello de Política Fiscal e Financeira (en diante CPFF) para o período 2019-2021.

A este respecto, cómpre sinalar que no pleno 100 do Consello de Política Fiscal e Financeira acordouse a fixación dunha nova senda de estabilidade orzamentaria para o período 2019-2021 para todas as comunidades autónomas (que supón unha necesidade de financiamento máxima en porcentaxe do PIB do -0,3%, -0,1% e 0,0%), que na práctica supón alargar un ano máis a actual senda de consolidación fiscal.

O mesmo pleno do CPFF aprobou unha taxa de referencia de crecemento do PIB nominal a medio prazo do 2,7% para 2019, que marca a evolución máxima do gasto computable a efectos da regra de gasto.

Porén, a devandita nova senda non foi aprobada en Cortes como preceptúa a Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Por tanto, aplicando o criterio de prudencia e perante a necesidade de presentar uns orzamentos da comunidade autónoma en tempo e forma, a envolvente financeira plurianual toma como referencia a vixente senda de consolidación que prevé un obxectivo de estabilidade orzamentaria do -0,1% do PIB, medido como necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional.

A partir dos datos da envolvente financeira plurianual podemos calcular o teito de gasto para 2019. O antedito límite está regulado no artigo 30 da Lei 2/2012, de 27 de abril, orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que sinala que as comunidades autónomas aprobarán nos seus respectivos eidos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito da asignación de recursos dos seus orzamentos.

Na medida en que as finanzas galegas están a rematar o proceso de consolidación fiscal, o efecto limitante da redución das necesidades de endebedamento redúcese



sensiblemente ao achegarse ao endebedamento neto cero, adquirindo protagonismo a regra de gasto como factor determinante da evolución da capacidade de gasto.

Por tanto, o teito de gasto haberá de ser calculado a partir dos recursos como ata o de agora, porén este cálculo debe complementarse co dimanante da evolución máxima do gasto computable a partires da taxa de referencia do PIB nominal a medio prazo.

2.1. Recursos de contabilidade nacional para o teito de gasto

Os recursos dispoñibles en termos de contabilidade nacional que determinan o límite de gasto non financeiro ou teito de gasto dependen de tres factores.-

- i. a evolución dos ingresos non financeiros
- ii. o obxectivo de estabilidade orzamentaria (que suporá maiores recursos cando o obxectivo sexa de déficit ou menores recursos cando sexa de superávit)
- iii. os axustes de contabilidade nacional sobre a orzamentaria, ao determinarse o devandito obxectivo como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional, expresada coma unha porcentaxe do PIB nominal da comunidade autónoma.

i. Evolución dos ingresos non financeiros.

A composición dos ingresos non financeiros vén determinada polos seguintes grandes agregados segundo a fonte do ingreso:

- Ingresos do sistema de financiamento (supoñen o 80% dos ingresos non financeiros totais).

O cálculo dos recursos do sistema de financiamento realízase pola comunidade autónoma en base á comunicación provisional dos recursos do sistema de financiamento do Ministerio de Facenda, xa que esta é a que debe lucir nos estados orzamentarios de gasto dos PGE e de ingreso dos orzamentos da comunidade autónoma. Tal e como indica a lei de estabilidade orzamentaria da comunidade autónoma, o límite de gasto poderá revisarse en función das contías definitivas que aparezan nos PGE se houberse algunha modificación sobre a comunicada previamente.



No que atinxe á evolución prevista das diferentes compoñentes destes ingresos, cómpre salientar o seguinte:

A comunicación dos ingresos do sistema de financiamento incorpora a integración do tramo estatal especial do antigo tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos con efectos dende 1 de xaneiro de 2019, que foi eliminado a través da modificación da Lei 38/1992, de 28 de decembro de impostos especiais, polo artigo 82 da lei 6/2018, de 3 de xullo de orzamentos xerais do estado para 2018.

A comunicación do Ministerio incorpora esta modificación sen especificar, que semella un maior aumento dos recursos do sistema de financiamento, cando estamos ante un simple troco de adscrición do mesmo ingreso (antes propio da Xunta e agora provinte do SFA).

Por iso, o Ministerio de Facenda anunciou un aumento total dos recursos do sistema do 2,4%, cando se deducimos os ingresos que xa eran céntimo sanitario autonómico e que agora pasan ao rendemento de hidrocarburos do SFA o aumento é tan só do 1,48%. Como ademais a liquidación efectivamente satisfeita no 2018 foi inferior á inicialmente comunicada e orzada en 87,5 millóns de euros, a diferenza entre os recursos do sistema comunicados para 2019 e orzamentados no 2018 apenas chega ao 0,8%.

Por tanto, a consolidación da mellora das variables macroeconómicas non se reflicte nun aumento dos recursos que achega o sistema de financiamento autonómico. Se ben os ingresos a conta homoxeneizados evolucionan ao 4,7%, ritmo lixeiramente superior ao PIB nominal previsto, a discordancia ten causa na baixa liquidación do ano 2017, polo miúdo do IVE, que se explica no cadro adxunto.

As entregas a conta do sistema de financiamento estimadas para 2019; en efecto aumentan nun 4,7% respecto ás ingresadas no presente exercicio, o que supón 331,5 millóns de euros adicionais.

A liquidación a incluír no 2019 (correspondente aos pagos do sistema de financiamento no 2017), experimenta unha diminución de 222,1 millóns de euros sobre a ingresada no 2018, froito da non neutralización no sistema dos cambios normativos adoptados pola AGE relacionados coa xestión do IVE xa descritos.

Logo de solicitar nas instancias correspondentes, xa antes de recibir os datos da liquidación, que se compensasen os efectos da medida sinalada,



representantes da Xunta mantiveron unha reunión de alto nivel no Ministerio de Facenda o pasado mes de agosto no que a ministra comprometeuse a compensar o efecto da medida cuantificada pola Xunta en 198 millóns de euros, polo que o escenario financeiro recolle unha previsión da devandita compensación no capítulo 4 de ingresos, como transferencia non finalista da AGE.

Á liquidación anual correspondente debe engadírselle o axuste derivado do adiamento da devolución das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009 (-85 millóns de euros logo do acordo tomado no pleno do Consello de Política Fiscal e Financeira celebrado o 31 de xullo de 2014 consistente en adiar 240 mensualidades adicionais a devolución das devanditas liquidacións).

REPERCUSIÓNS NO SISTEMA DE FINANCIAMENTO DAS CCAA DE CAMBIOS NORMATIVOS RELACIONADOS COA XESTIÓN DO IVE REALIZADOS NO 2017

Formando parte dos ingresos do sistema de financiamento previstos para 2019, se presentan os resultados da liquidación do sistema de financiamento correspondentes a 2017.

En xullo de 2017 entra en vigor o novo Sistema de Subministración Inmediata de Información (SII) aplicable ao IVE. En virtude desta circunstancia se produce un desprazamento dos ingresos por este imposto do ano 2017 ao 2018.

A propia Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) sinala no seu informe de recadación correspondente ao mes de decembro de 2017 que, como consecuencia da implantación do SII, no conxunto do ano 2017 só se contabilizaron ingresos do IVE correspondentes a 11 meses, posto que o mes de novembro, anteriormente recadado dentro do ano en curso, agora se recada no mes de xaneiro de 2018.

Tamén sinala a AEAT que o SII, xunto á perda de ingresos mencionada, posibilitou unha realización máis áxil das devolucións mediante a que teñen anticipado a 2017 devolucións mensuais que, sen o SII, se realizarían no ano 2018.

O efecto destas dúas circunstancias calculase pola AEAT nun traslado de ingresos de 2017 a 2018 por importe de 4.150 millóns de euros.

O sistema de financiamento vixente contempla a participación das CCAA nun 50% do rendemento do IVE, a cal se calcula sobre a recadación que se obteña en dito exercicio. Por tanto, cando no ano 2019 se liquide o IVE correspondente a 2017, o desprazamento de 4.150 millóns de euros ao ano 2018 vai prexudicar ás CCAA e, concretamente, van deixar de percibir a metade dese desprazamento, isto é 2.075 millóns de euros.



Ademais, o desprazamento que se produce na recadación que corresponde ao Estado, é dicir os outros 2.075 millóns de euros, tamén van despregar efectos sobre os recursos do sistema de financiamento das CCAA. En efecto, este desprazamento vai repercutir na determinación do ITE 2007/2017, e como este índice de evolución se aplica ás transferencias do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, do Fondo de Suficiencia Global, do Fondo de Cooperación e do Fondo de Competitividade que reciben as CCAA, resulta evidente que cando no 2019 se liquiden todos estes fondos do ano 2017 as comunidades van resultar prexudicadas en ditas liquidacións se só se considera a recadación por IVE que corresponde ao Estado en termos de caixa.

CONCLUSIÓN:

A comunidade autónoma de Galicia solicitou no Consello de Política Fiscal e Financeira a compensación do impacto da devandita medida acordada pola AXE no cálculo da liquidación do ano 2017, en base á aplicación do principio de lealdade institucional, de xeito que a recadación a empregar para este imposto sexa a que se producirá nese ano 2017 sen os efectos da implantación do SII.

Dado que o actual sistema de financiamento tamén resulta aplicable no exercicio 2018, este acordo tamén podería contemplar unha revisión do que suceda coa recadación de 2018, en caso de que o desprazamento dos ingresos pola implantación do SII tamén tivera efectos extraordinarios nese exercicio.



- As transferencias finalistas doutras administracións, procedentes basicamente da Administración Xeral do Estado e dos Fondos Europeos, aumentan lixeiramente a súa participación en cinco décimas sobre os ingresos non financeiros, ata supor o 11,6% dos mesmos. Os ingresos finalistas da Administración Xeral do Estado mostran unha evolución positiva medrando máis dun 15%, debido basicamente a maiores recursos para políticas de emprego, pagos do nivel mínimo de dependencia e ao pacto de estado contra a violencia de xénero. O Fondo de Compensación Interterritorial, amosa máis atonía na súa evolución ao vencellarse a unha porcentaxe do gasto da obra nova que apareza nos orzamentos xerais do Estado. Neste caso estímase en liña coas proxeccións de gasto en obra nova da AXE e das variables de reparto do fondo elaborada polo IGE (peso da poboación, saldo migratorio, paro, superficie, insularidade, % de entidades singulares por Km² e inversa da renda por habitante de cada territorio).

O novo marco estratéxico comunitario 2014-2020, implicou a elaboración de programas operativos rexionais para os fondos estruturais e de investimento europeos (FEDER, FSE, FEADER, FEMP e iniciativa xuvenil europea (YEI) xestionada pola comunidade autónoma), aos que se engaden os fondos destinados á cooperación territorial, en especial o POCTEP en plena fase de lanzamento de proxectos. As anualidades financeiras tidas en conta para o vindeiro exercicio son as propias dunha anualidade financeira media dos PO, unha vez impulsado o lanzamento da execución dos novos programas operativos.

Ademais, a Comisión Europea habilitou unha nova liña da YEI no 2017, por importe de 1.200 millóns de euros, dos que a Galicia lle corresponden 18 millóns de euros, que se cofinancian con outros 18 millóns de euros do FSE. A xestión dos fondos é 50% Xunta e 50% AXE.

Estes fondos e a súa cofinanciación prográmanse no eixe 5 do POEJ e pódense executar ata 2023 (18 millóns Xunta); o teito recolle a contía programada para 2019.

A nova programación muda a participación dos fondos europeos na cesta dos ingresos da comunidade autónoma; no presente límite de gasto estes suben lixeiramente sobre o exercicio anterior. Ademais, incorpóranse en torno a 30 millóns de fondos plurianuais dos PO estatais que executará a Xunta e de eficiencia enerxética, así como a previsión de certificacións de fondos xa executados en exercicios pasados que será ingreso no 2019; por



todo isto, o seu peso no ingreso non financeiro no 2019 sobe un punto ata o 7%.

- Respecto dos recursos propios non financeiros da comunidade autónoma: tributos propios, prezos e ingresos patrimoniais, manteñen o seu peso baixando apenas tres décimas no 2019 ata supor o 9,0% dos ingresos non financeiros orzamentarios. A súa evolución estable depende en gran medida da evolución dos tributos cedidos (Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, vinculada á evolución dos mercados inmobiliarios, e Imposto de Sucesións e Doazóns), que mesmo é quen de soportar as bonificacións fiscais a adoptar no Orzamento de 2019.

Continúa a recuperación do mercado da vivenda, especialmente o que atinxe á vivenda usada: despois de estabilizarse dende finais de 2014, inicia unha fase de crecemento moderado pero continuo. O aumento da demanda de vivenda, facilitado por unha mellora das condicións crediticias e da renda dispoñible das familias, mudou a positiva a senda de evolución do prezo dos inmobles, o que está a favorecer melloras das valoracións dos activos inmobiliarios, ensanchando as bases impositivas tanto do ITP-AXD como do Imposto de Sucesións e Doazóns.

Así, o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD) na súa modalidade de transmisións patrimoniais experimenta unha suba co respecto ao ano 2018 como consecuencia fundamentalmente do incremento previsto das transmisións de segunda man de bens inmobles pola evolución do sector inmobiliario, así como pola evolución esperada dos prezos. Deste xeito, a cifra prevista de recadación é de case 205 millóns de euros.

Polo que respecta á cifra correspondente á modalidade de actos xurídicos documentados, que se prevé de 85'4 M de €, está máis vinculada ao mercado de primeira man, do que se espera unha evolución positiva durante o ano 2019, aínda que a incidencia no mercado galego é máis moderada que no mercado nacional.

Porén, a evolución da recadación prevista no Imposto de Sucesións e Doazóns aínda reflicte os efectos da baixa fiscal de 2016, consistente en aplicar unha redución de 400.000 € para os descendentes maiores de 25 anos, cónxuxes, ascendentes ou adoptantes, se ben a estimación de ingresos prevista para o ano 2019 é de 139,8 millóns de euros; que obedece a un



incremento nos importes medios das autoliquidacións tanto de sucesións como de doazóns.

No que atinxe ao Imposto sobre o Patrimonio, cómpre salientar a consolidación da súa recadación como consecuencia dos efectos derivados da incorporación das novas bases de bens situados no estranxeiro.

A evolución estimada dos recursos non financeiros sería a seguinte:

millóns de euros			diferencia	taxas de
	2018	2019	2019- 2018	2019- 2018
recursos sistema de financiamento	7.412	7.475	63	0,8%
fondos finalistas doutras administracións	1.016	1.126	110	10,8%
outros recursos non financeiros	866	1.155	289	33,4%
TOTAL RECURSOS NON FINANCIEROS	9.294	9.756	462	5,0%

Tal e como establece o artigo 12.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, o límite de gasto pode axustarse na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da administración xeral do Estado.

A ponderación dos diferentes ingresos da comunidade autónoma e a súa evolución individual xa descrita mostra unha evolución máis en liña co PIB nominal previsto.

OS OBXECTIVOS ORZAMENTARIOS A MEDIO PRAZO (MTO)

En Xullo de 2017 o Consello europeo formula recomendacións ao reino de España no contexto do semestre europeo, polo miúdo na área de finanzas públicas recomenda reforzar o cumprimento da súa Decisión de 8 de agosto de 2016, España tamén debe usar todas as ganancias inesperadas para acelerar o déficit e a redución da débeda. Ademais dos aforros xa recollidos na previsión actualizada de primavera de 2016 da Comisión. En concreto esta sinala que España debe adoptar e aplicar medidas de consolidación por un monto do 0,5% do PIB tanto no 2017 como no 2018.

España tamén debe adoptar novas medidas no caso de que xurdan novos riscos para materializar o seu plan orzamentario. As medidas de consolidación fiscal son para asegurar unha mellora duradeira no equilibrio estrutural do goberno dun xeito amigable co crecemento.



Ademais, España debe adoptar medidas para reforzar o seu marco fiscal, en particular con vistas a aumentar os automatismos nos mecanismos para prever e corrixir desviacións do déficit, débeda e obxectivos de gasto e para fortalecer a contribución da regra de gasto da Lei de Estabilidade á sustentabilidade das finanzas públicas. España debe tamén establecer un marco coherente para garantir a transparencia e a coordinación da política de contratación pública en todos os contratos, autoridades e entidades co fin de garantir a eficiencia económica e un alto nivel de competencia.

O 30 de abril de 2018, España presentou o seu Programa de Estabilidade 2018, que abrangue o período 2018-2021. O goberno aprobou o programa o 27 de abril. Actualmente España está suxeita á parte correctora do Pacto de Estabilidade e Crecemento (PEC).

O Consello abriu o procedemento de déficit excesivo (PDE) para España o 27 de abril de 2009. No de 2016, na antedita Decisión de 8 de agosto de 2016, o Consello notificou a España que corrixise o déficit excesivo para 2018.

O ano seguinte á corrección duradeira do déficit excesivo, España estaría suxeita á rama preventiva do PEC, o que significa que debería garantir un progreso suficiente cara ao seu obxectivo orzamentario a medio prazo (MTO).

Dado que se prevé que o índice de débeda no 2018, o 97,6% o PIB, exceda o valor de referencia do Tratado do 60% do PIB e na medida en que España xa estaba nun PDE nas datas nas que se adoptaron as emendas *Six Pack* ao PDE (8 de novembro de 2011), España está suxeita ás disposicións transitorias no que atinxe ao cumprimento do criterio da débeda.

Durante os tres anos posteriores á corrección do déficit excesivo (regra da débeda transitoria), deberá garantirse un progreso suficiente cara ao cumprimento do obxectivo de débeda. No 2019, España estaría suxeita por vez primeira aos requisitos da rama preventiva do PEC. Polo tanto, deberá garantir un camiño de axuste axeitado cara ao seu MTO, definido como un orzamento equilibrado en termos estruturais. Porén, en vista das incertezas que rodean as estimacións para España referentes á fenda de produto (sobre todo vencelladas ao alto nivel de paro respecto á media UE), a Comisión decidiu que un axuste estrutural do 0,65% do PIB no 2019 nas contas das administracións públicas nacionais, semella apropiado.



ii. **obxectivo de déficit**

Como vén de describir o informe de conxuntura, confirmando os escenarios económicos dos pasados exercicios, a economía galega consolida una senda de crecemento constante que foi de menos a máis dende 2014 ata superar o ritmo da economía española e pechar a fenda de produción ata acadar un *output gap* positivo neste exercicio 2018.

Tras aproveitar os ventos de cola dos últimos anos, que están a esvaecerse paseniñamente (prezos baixos dos produtos enerxéticos e materias primas e política monetaria expansiva), o crecemento da economía galega converxe cara a súa taxa de crecemento potencial a medio prazo entre o 2 e 2,5%. Por iso, estímase que a recuperación económica e o crecemento continuarán a ese ritmo nos vindeiros exercicios na nosa comunidade autónoma.

Esta evolución permite unha mellora dos ingresos públicos que facilita o remate da senda de consolidación fiscal, sempre que o sistema de financiamento funcione con normalidade, que podemos considerar acadada dende o exercicio 2017, cuxa liquidación xa deu como resultado un saldo estrutural positivo.

O cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria debe colaborar a facilitar o encaixe entre a recuperación da senda de ingresos, a diminución do recurso ao endebedamento e o nivel de recursos precisos para garantir unha axeitada prestación dos servizos públicos de acordo coas posibilidades reais da comunidade autónoma.

Cómpre lembrar a estes efectos que é irrenunciable o camiño de redución do nivel de endebedamento comezado no 2017 de cara a acadar un nivel de débeda que permita enfrontar con solvencia futuros *shocks* económicos. Aínda estamos lonxe do obxectivo de endebedamento fixado no pacto de estabilidade e crecemento a nivel de estado membro da UE (60% do PIB), e de comunidade autónoma, marcado na lei orgánica de estabilidade orzamentaria (13% do PIB galego).

No seu ditame sobre o proxecto de plan orzamentario actualizado para España no 2018, que contiña o cadro seguinte cos obxectivos de estabilidade orzamentaria por sectores de AAPP, a Comisión Europea conclúe que o plan está a axustarse polo xeral ás disposicións do Pacto de Estabilidade e Crecemento, xa que as previsións da Comisión de 2018 prevén que o déficit excesivo se corrixa ao seu debido tempo, malia que é expansionista.



“(…) En general, el Consejo considera que España tiene que estar preparada para tomar nuevas medidas a efectos de garantizar el cumplimiento en 2018, y que a partir de 2019 deberán tomarse las medidas necesarias para cumplir las disposiciones del Pacto de Estabilidad y Crecimiento. Sería prudente la utilización de los posibles beneficios excepcionales para acelerar la reducción de la ratio de deuda pública.”

Para sorpresa das CCAA, no Consello de Política Fiscal e Financeira do pasado 19 de xullo, o Ministerio de Facenda mudou a senda prevista no antedito plan orzamentario actualizado e aprobado, adoptando unha proposta procíclica, que apostaba por aumentar cinco décimas o obxectivo de estabilidade das que tres corresponderían ás comunidades autónomas.

Galicia mostrou a súa oposición a ampliar o recurso ao endebedamento por enriba do xa previsto (0,1% do PIB), que vai en contra das recomendacións da Comisión e do Consello europeos e pon en risco a sustentabilidade das finanzas públicas nun contexto de crecemento económico; e tamén ao estimar que o axeitado financiamento dos servizos públicos básicos competencia das CCAA demanda máis recursos non financeiros perante as limitacións do actual sistema de financiamento autonómico, non máis endebedamento.

A nova senda proposta informouse favorablemente, pero a proposta de obxectivos de estabilidade orzamentaria e de obxectivos de débeda pública do conxunto das Comunidades Autónomas correspondente ao período 2019-2021, formulada polo Ministerio de Facenda, non foi validada polas Cortes Españolas.

Nunha dubidosa interpretación da antecitada Lei orgánica de estabilidade orzamentaria⁹, o Goberno de España perante o rexeitamento das Cortes, presentou de novo os mesmos obxectivos de estabilidade nun pleno a distancia do CPPF o pasado 22 de agosto, estando aínda pendente de aprobación polas Cortes esta mesma segunda proposta.

Tendo en conta o anterior, e ante o bloqueo da situación, a Xunta de Galicia estimou que o máis convinte para Galicia é contar cuns orzamentos

⁹ En efecto o artigo 15.6 da LO 2/2012 indica “Si el Congreso de los Diputados o el Senado rechazan los objetivos, el Gobierno, en el plazo máximo de un mes, remitirá un nuevo acuerdo que se someterá al mismo procedimiento”; en vez de remitir un novo acordo o que está a facer o Goberno e remitir o mesmo acordo de novo, que non é o mesmo.



presentados en tempo e forma, para elo, o máis prudente é empregar a senda de estabilidade actualmente vixente, é dicir -0.1% para 2019 e 0% para 2020.

Por tanto, o cadro de obxectivos a empregar no actual informe e para o teito de gasto, sería o seguinte:

**Capacidad (+) o necesidade (-) de financiación de las AAPP
(%PIB)**

	2018	2019	2020
Administración Central	-0,7	-0,3	0,0
Comunidades Autónomas	-0,4	-0,1	0,0
Corporaciónes Locales	0,0	0,0	0,0
Seguridade Social	-1,1	-0,9	-0,5
Total AAPP	-2,2	-1,3	-0,5

iii. axustes de contabilidade nacional

Para a determinación da magnitude total do límite de gasto hai que ter en conta os posibles axustes que se haberán de aplicar sobre as dispoñibilidades financeiras determinadas ata o de agora, por diferir a súa consideración como gasto ou ingreso orzamentario e como emprego ou recurso en termos de contabilidade nacional, que é como se fixa o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O sistema europeo de contas (en adiante SEC-2010) é un sistema de Contabilidade Nacional e *"constitúe un marco contable comparable a escala internacional, coa finalidade de realizar unha descrición sistemática e polo miúdo dunha economía no seu conxunto, das súas compoñentes e das súas relacións con outras economías"*.

O SEC-2010 non é daquela un sistema directamente aplicable ao orzamento das administracións públicas nin á contabilidade patrimonial de partida dobre. Pero si que



deberá empregarse para poder definir a capacidade de financiamento e, por tanto, deberemos atender aos seus criterios para calculala.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria debe cumprirse tanto na fase de elaboración, como de aprobación e execución do orzamento. É por isto polo que o proceso de orzamentación debe planificarse non só en termos de contabilidade orzamentaria, senón tamén en termos de contabilidade nacional.

Isto significa que deben terse en conta por anticipado na elaboración dos orzamentos, os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación de criterios SEC-2010, obtendo, como dicíamos, o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. Pretender o equilibrio en termos de estabilidade a partir da simple igualdade dos capítulos non financeiros do orzamento, sen ter en conta a priori os axustes que provocan, en ingresos e gastos, os criterios de contabilidade nacional implica incertezas no resultado da liquidación neses mesmos termos.

Existen dous grandes grupos de criterios que caracterizan o SEC fronte ao orzamento administrativo:

Un primeiro grupo de criterios que explican a delimitación do sector público e nos axudan a clasificar os entes nos que participa a Xunta de Galicia dentro do sector público autonómico, e polo tanto do perímetro de consolidación SEC, ou non. Estes criterios aparecen descritos no apartado de ámbito subxectivo de cada lei de orzamentos da comunidade autónoma.

Un segundo grupo, son os criterios estritamente contables para calcular a capacidade ou necesidade de financiamento. Estes, a efectos prácticos, derivan nunha serie de axustes a realizar sobre a contabilidade orzamentaria ou administrativa co gallo de reflectir a capacidade ou necesidade de financiamento dun sector en termos de contabilidade nacional.

Os axustes tidos en conta para a elaboración do límite de gasto foron os seguintes:

1. A recadación incerta, que é a diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos netos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado en ditos capítulos, tanto en corrente como en exercicios anteriores. É de prever que consonte segue mellorando a conxuntura económica o importe deste axuste se minore de xeito significativo.



2. As achegas de capital. Considérase gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A máis importante é a correspondente ao financiamento da CRTVG. Tamén considéranse gasto non financeiro as achegas a Fundacións do sector público autonómico.
3. Outras unidades consideradas AAPP, axuste que recolle as diferencias entre as transferencias de financiamento das consellerías e a obra realmente executada polas sociedades instrumentais.
4. Os axustes por gastos financeiros devindicados. Recolle a diferenza de valor entre os gastos financeiros efectivamente satisfeitos que figuran no orzamento, que seguen criterio de caixa, e os devindicados e non vencidos, criterio de contabilidade nacional.
5. As estradas por concesión. En contabilidade nacional as estradas por concesión son gasto no momento no que o concesionario realiza o investimento, polo que a medida que, unha vez terminada a estrada, a Xunta paga o correspondente canon mediante o que se amortiza a estrada, realízase un axuste positivo ao ser un gasto xa computado na súa integridade no intre do investimento.
6. Como menor gasto recóllese o axuste debido ao pago da anualidade das contías aprazadas das liquidacións negativas dos anos 2008 e 2009.

Debe terse en conta que tan só se poden recoller neste momento os axustes que se poidan estimar a priori. Ademais, de cara á elaboración da envolvente financeira, desbótanse aqueles que teñen carácter puntual e pouco representativo.

De cara á determinación do teito de gasto e dada a escasa variación dos axustes, estimouse un axuste positivo de en torno aos 20 millóns de euros fronte aos 3 millóns de euros recollidos nos orzamentos para 2018.

A evolución dos axustes de contabilidade nacional é debida á mellora do axuste de recadación incerta, xuros devindicados e pagados, evolución da táboa financeira de amortización das estradas por concesión e programación financeira dos entes instrumentais que non supón variación de alcance sobre a do exercicio precedente .



2.2. Límite de gasto non financeiro do orzamento consolidado.

De acordo co artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade de Galicia, aprobado o obxectivo de estabilidade do artigo 4.1, o Consello da Xunta acordará o límite máximo de gasto non financeiro dos Orzamentos xerais da comunidade autónoma. Este acordo remitirase ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación, xunto co presente informe.

O límite de gasto será coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto establecida nas normas de estabilidade orzamentaria. O límite aprobado poderá ser axustado na variación dos ingresos do sistema de financiamento e fondos finalistas que incorpore o proxecto de lei de orzamentos da Administración Xeral do Estado, así como na variación dos axustes de contabilidade nacional sempre que non afecte ao obxectivo de estabilidade que se propón acadar.

Por tanto, da agregación das compoñentes especificadas no punto anterior do informe podemos derivar a senda de dispoñibilidades financeiras a medio prazo da comunidade autónoma acorde co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria contemplados (ver páx 48).

Nun contexto de normalidade, a positiva evolución das macromagnitudes e o seu traslado aos fogares e ás empresas debe impulsar os ingresos tributarios, tanto os percibidos a través dos pagos a conta do sistema de financiamento como os propios, o que permite compensar o menor recurso ao endebedamento.

Porén, os recursos do sistema de financiamento autonómico comunicados só medran nun 0,8% en relación cos orzamentados no 2018, como resultado do impacto dunha baixa da liquidación do 2016 e da implantación do SII no IVE no 2017. Esta última distorsión debe compensarse para xerar os ingresos correspondentes a unha liquidación a 12 meses do ano 2017 (que se percibe no 2019).

Os fondos finalistas evolucionan a bo ritmo polo aumento dos recursos financiadores da dependencia, correlativos do aumento de persoas no sistema, de emprego e para o desenvolvemento do pacto de estado para a violencia de xénero, por enriba do 12%.

Os restantes recursos non financeiros resultan compensados en parte pola previsión dunha menor necesidade de financiamento, ao pasar o obxectivo de estabilidade orzamentaria dunha necesidade de financiamento do -0,3% do PIB no orzamento para 2018 a outra do -0,1% no presente límite de gasto, dentro do proceso de consolidación suave que planificou a nosa comunidade autónoma.



Por tanto, calcúlase un límite de gasto que medra un 3,8% sobre o marcado polo orzamento de 2018, 363 millóns de euros máis de recursos totais que o pasado exercicio.

A senda a futuro seguirá aumentando a modo os ingresos non financeiros, en especial os recursos do sistema de financiamento, que de xeito presumible será obxecto de revisión a partires do vindeiro exercicio. Exercicio no que se espera volver a liquidacións normais, de aí o incremento de máis do 6% nese ano. Os fondos europeos reflicten a evolución da senda financeira de programación, cun pequeno descenso no 2021 debido sobre todo ao fin dos fondos das diferentes liñas de actuación dos programas operativos.

No que atinxe ao recurso ao endebedamento, como se ten dito a nova senda de consolidación fiscal aprobada no CPFF mostra unha evolución máis suave ata o obxectivo de equilibrio no 2020.

Por tanto o escenario futuro segue a prever un crecemento medio e estable da capacidade de gasto a un ritmo medio do 2,8%.

A evolución prevista para este límite de gasto é coherente coa taxa de referencia nominal da economía, elaborada de acordo coa proposta metodolóxica da LOEPSF, recollida no informe de situación da economía española achegado polo Ministerio de Economía no Consello de Política Fiscal e Financeira de abril de 2016, que xa foi desenvolvida no punto 1.7 de este informe.

millóns de euros					diferencia			taxas de variación		
	2018	2019	2020	2021	2019-2018	2020-2018	2021-2018	2019-2018	2020-2018	2021-2018
recursos sistema de financiamento	7.412	7.475	7.927	8.272	63	452	345	0,8%	6,1%	4,4%
fondos finalistas doutras administracións	1.016	1.126	1.184	1.141	110	58	-43	10,8%	5,2%	-3,6%
outros recursos non financeiros	866	1.155	887	893	289	-268	6	33,4%	-23,2%	0,7%
TOTAL RECURSOS NON FINANCEIROS	9.294	9.756	9.998	10.306	462	242	308	5,0%	2,5%	3,1%
capacidade (-) ou necesidade (+) de financiamento	190	69	1	0	-121	-68	-1	-63,7%	-98,6%	-100,0%
axustes de contabilidade nacional	3	25	23	20	22	-2	-3	733,3%	-8,0%	-13,0%
LIMITE DE GASTO	9.487	9.850	10.022	10.326	363	172	304	3,8%	1,7%	3,0%



ANEXO I. METODOLOXÍA PARA A OBTENCIÓN DO SALDO CÍCLICO.

Para obter o saldo cíclico da economía galega utilizamos a metodoloxía establecida polo Ministerio de Economía, que segue a da Comisión Europea¹⁰, que no ano 2013 introducía un cambio na metodoloxía de cálculo dos saldos orzamentarios axustados do ciclo (en inglés *cyclically-adjusted budget balance (CAB)*).

A nova metodoloxía substitúe a sensibilidade respecto da fenda de produción (*output gap (OG)*) que se viña utilizando pola semi-elasticidade dos ingresos e gastos públicos tamén con respecto da fenda de produción.

O documento da Comisión Europea demostra que o uso da semi-elasticidade para o cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo aproxima mellor este concepto que o uso anterior da sensibilidade.

A diferenza entre o uso da semi-elasticidade e a sensibilidade é unha cantidade igual ao produto do saldo orzamentario real en porcentaxe do PIB e a fenda do produto:

$$CAB_{semi-elasticidade} - CAB_{sensibilidade} = OG \frac{B}{Y}$$

onde *OG* é o *Output Gap*, *B* é o saldo orzamentario e *Y* o produto interior bruto. As consecuencias deste cambio pódense resumir en que na maioría dos casos a diferenza entre o uso da sensibilidade e a semi-elasticidade é dunha orde de magnitude moi pequena no cálculo do saldo orzamentario axustado do ciclo. Sen embargo, na recente crise económica, nalgún país con fenda de produción superior ao 4% e déficit superior ao 6%, esta diferenza acadaba valores que superan o 0,25%, un cuarto de punto porcentual, erro bastante considerable se pretendemos medir con precisión o saldo estrutural do orzamento.

Ademais desta diferenza, a utilización da semi-elasticidade fronte á sensibilidade ten outro efecto importante, que consiste no seguinte: a pesar de que o saldo orzamentario axustado do ciclo considerado como a diferenza entre os ingresos e os gastos axustados non mostra moita variación coa sensibilidade, en cambio, a compoñente dos ingresos (e a dos gastos) axustada do ciclo si cambia considerablemente. A compoñente dos ingresos axustada ciclicamente é practicamente nula se se utilizan as semi-elasticidades e a de gastos rolda o 50%.

Os datos que aparecen no seguinte cadro (extraídos do documento da Comisión) reflicten o expresado nos parágrafo anterior para España:

¹⁰ Este cambio recóllese no documento

http://ec.europa.eu/economy_finance/publications/economic_paper/2013/pdf/ecp478_en.pdf



Compoñente cíclico en % do PIB

Compoñente cíclico dos ingresos												
2007	Sensibilidade			Semi-elasticidade				Diferenza				
	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	
0,8	-1,8	-1,6	-1,7	0,0	0,0	0,0	0,0	-0,8	1,8	1,6	1,8	

Compoñente cíclico dos gastos												
2007	Sensibilidade			Semi-elasticidade				Diferenza				
	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	2007	2010	2011	2012	
-0,1	0,2	0,2	0,2	-0,9	2,1	1,8	2,0	-0,8	1,9	1,6	1,8	

A compoñente cíclica dos ingresos, que roldaba o -1,5% do PIB nos últimos anos se utilizamos a sensibilidade, pasa a ser 0 se utilizamos semi-elasticidade. Esta diferenza compénsase totalmente na parte dos gastos, onde o método que utiliza a semi-elasticidade estima unha compoñente moi superior ao método da sensibilidade. Volvemos remarcar que o resultado final no caso español é neutro (noutros países como Grecia o resultado final non o é).

No capítulo dous do documento da Comisión derivanse as fórmulas para o cálculo da semi-elasticidade; son as seguintes:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \frac{d(B/Y)}{dY} = \frac{\frac{dB}{dY}Y - \frac{dY}{dY}B}{Y^2} = \frac{dB}{dY} - \frac{B}{Y} \quad (1)$$

Onde B é o saldo orzamentario e Y o produto interior bruto

A partir desta formulación e utilizando un argumento similar descomponse esta semi-elasticidade nunha compoñente de ingresos e outra de gastos, do seguinte xeito:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= \frac{d(R/Y)}{dY} - \frac{d(G/Y)}{dY} = \frac{\frac{dR}{dY}Y - \frac{dY}{dY}R}{Y^2} - \frac{\frac{dG}{dY}Y - \frac{dY}{dY}G}{Y^2} \\ &= \left(\frac{dR}{dY} - \frac{R}{Y}\right) - \left(\frac{dG}{dY} - \frac{G}{Y}\right) = \left(\frac{\frac{dR}{R}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right) \frac{R}{Y} - \left(\frac{\frac{dG}{G}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right) \frac{G}{Y} \\ &= (\eta_R - 1) \frac{R}{Y} - (\eta_G - 1) \frac{G}{Y} \quad (2) \end{aligned}$$

Onde R son os ingresos e G son os gastos e η_R é a elasticidade dos ingresos sobre o PIB e η_G é a elasticidade dos gastos sobre o PIB

Para calcular a semi-elasticidade a partir das elasticidades entre os distintos tipos de ingresos e de gastos e o PIB derivamos a seguinte fórmula. Se consideramos os ingresos (e os gastos) como suma das súas compoñentes:

$$R = \sum R_i$$

Podemos utilizar o procedemento das expresións (1) e (2) para derivar a achega de cada tipo de ingreso e de gasto ao parámetro ε (semi-elasticidade). Facémolo para o caso dos ingresos, no gasto o procedemento é semellante:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade}_R = \varepsilon_R &= \frac{d(R/Y)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{d\left(\frac{\sum R_i}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \frac{\sum d\left(\frac{R_i}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} \\ &= \sum \frac{d\left(\frac{R_i}{Y}\right)}{\frac{dY}{Y}} = \sum \frac{\frac{dR_i}{dY}Y - \frac{dY}{dY}R_i}{\frac{Y^2}{Y}} \\ &= \sum \left(\frac{dR_i}{dY} - \frac{R_i}{Y}\right) = \sum \left(\frac{\frac{dR_i}{R_i}}{\frac{dY}{Y}} - 1\right) \frac{R_i}{Y} = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} \quad (3) \end{aligned}$$

Polo tanto, a expresión (2) tamén se pode expresar da seguinte forma:

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y} \quad (4)$$

A Comisión distingue cinco tipos de elasticidades para os ingresos (IRPF, Imposto de Sociedades, impostos indirectos, cotizacións sociais e ingresos non impositivos) e un para os gastos (gastos por desemprego) e propón a seguinte expresión para o cálculo da semi-elasticidade:

$$\begin{aligned} \text{Semi-elasticidade} = \varepsilon &= (\eta_R - 1) \frac{R}{Y} - (\eta_G - 1) \frac{G}{Y} \\ &= \left(\sum_{i=1}^5 \eta_{R,i} \frac{R_i}{R} - 1\right) \frac{R}{Y} - \left(\eta_{G_U} \frac{G_U}{G} - 1\right) \frac{G}{Y} \quad (5) \end{aligned}$$

Esta formulación é equivalente á fórmula (4) sempre que nesta última se consideren todas as partidas de ingresos e de gastos para obter o verdadeiro valor da semi-elasticidade. Isto implica que na expresión (5) se lle está a asignar (implicitamente) un valor cero á elasticidade das partidas que non entran no cálculo.



Para obter os coeficientes (sensibilidade e semi-elasticidade), polos que habería que multiplicar o *output gap* para calcular o saldo cíclico, utilizamos os datos de execución orzamentaria¹¹ de 2016 e 2017 (todos os capítulos excepto os capítulos 8 e 9, é dicir, ingresos e gastos non financeiros) e os datos do PIB por comunidades da Contabilidade rexional de España¹² para eses anos. Ademais, tamén empregamos unha estrutura simplificada de ingresos e gastos, aplicando unha elasticidade única a cada unha das partidas. Esta elasticidade está tomada da Comisión Europea que adopta as estimacións da OCDE das elasticidades de ingresos e gastos públicos á fenda de produción. No seguinte cadro preséntanse estas elasticidades.

Elasticidades por partidas	
Conceptos	Elasticidade
Ingresos	
IRPF	1,84
Imposto de Sociedades	1,56
Impostos indirectos	1,00
Cotizacións sociais	0,72
Ingresos non impositivos	0,00
Gastos	
Resto de gastos primarios	0,00
Transferencias correntes	
Fondo de garantía	1,38
Fondo de suficiencia	1,42

Aplicando estas elasticidades ás partidas de ingresos, gastos e transferencias utilizando a fórmula (4) e a formulación da sensibilidade da anterior orde ministerial para comparar os resultados, obtemos as semi-elasticidades e as sensibilidades en %:

Semi-elasticidades para os ingresos e gastos

$$\text{Semi-elasticidade} = \varepsilon = \sum (\eta_{R_i} - 1) \frac{R_i}{Y} - \sum (\eta_{G_i} - 1) \frac{G_i}{Y}$$

Onde ε é a semi-elasticidade calculada como a diferenza entre a semi-elasticidade dos ingresos e dos gastos. η_{R_i} y η_{G_i} son as elasticidades do nivel de ingresos e gastos da partida i expostas no cadro 14.

Sensibilidade para os ingresos e gastos (anterior cálculo)

¹¹ <https://serviciotelematicos.minhap.gob.es/cimcanet/consulta.aspx>.

O entón Ministerio de Economía, Industria e Competitividade modificou a metodoloxía na Orde ECC/1556/2016, de 28 de setembro, que aínda non se puido implantar neste documento


¹² <http://www.ine.es/jaxi/menu.do?type=pcaxis&path=%2Ft35%2Fp010&file=inebase&L=0>



$$\delta = \sum_i \left(\eta_{R,i} \frac{I_i}{PIB} \right) - \sum_i \left(\eta_{G,i} \frac{G_i}{PIB} \right)$$

Onde δ é a sensibilidade, $\eta_{R,i}$ y $\eta_{G,i}$ as elasticidades do nivel de ingresos e gastos por partidas.

Os resultados finais para o valor de ϵ (semi-elasticidade) e δ (sensibilidade) por comunidades autónomas son os que se mostran nos seguinte gráfico. Neste cálculo excluíronse as comunidades do País Vasco e Navarra; o total das comunidades calcúlase utilizando os datos das 15 comunidades restantes.



O resultado do uso da semi-elasticidade aumenta o saldo cíclico de todas as comunidades comparado coa sensibilidade. Se utilizamos a sensibilidade cíclica, o parámetro toma un valor do 13,8% en media, se utilizamos a semi-elasticidade o valor é do 14,8%. En Galicia estes datos son o 16,5% e 17,1% respectivamente.

A semi-elasticidade dos gastos coincide coa porcentaxe que supón o gasto non financeiro de cada comunidade sobre o PIB. Isto é así porque segundo la fórmula (4), η_{G_i}



é igual a cero para todas as partidas i , e, polo tanto, a semi-elasticidade cíclica asociada ao gasto é a suma das partidas dividida polo PIB, isto é, a porcentaxe que supón o gasto sobre o PIB.

Todos os cálculos están feitos coa información da execución orzamentaria en termos de caixa e sen axustar en termos de contabilidade nacional; estes axustes poderían alterar levemente o resultado, sobre todo se o axuste afecta ao gasto.

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727